Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 18/04/2018 10:52:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/04/2018 10:52:24**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/04/2018 10:52:25**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/04/2018 10:52:27**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/04/2018 10:54**  
**Nº Rexistro: 29545**

Data envío: 18/04/2018 10:54:58.497

**Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2018 10:52:29**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2018 10:52:31**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 4.<sup>a</sup>**, relativa á integración das profesionais e dos profesionais de educación social en toda a educación obrigatoria primaria e secundaria, así como na infantil.

Exposición de motivos.

O recoñecemento da Educación Social produciuse no ano 1991 co Real Decreto 1420/1991 que recolle o deseño curricular das formacións da diplomatura universitaria de educación social, segundo a reforma universitaria do ano 1981, para os campos da educación non formal, adultos (incluía a terceira idade) a inserción das persoas inadaptadas e con diversidade funcional así como a acción socioeducativa (R.D. 1420/1991, BOE do 10 do outubro).

En Galicia, ca lei 1/2001 do 22 de xaneiro aprobouse a creación do Colexio de educadores Sociais de Galicia. Esta lei creou a corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins con ámbito dentro de todo o territorio galego. Nela tamén se recollen os supostos de incorporación ao citado colexio e os requisitos mínimos para exercer a profesión.

Os educadores tiveron un papel activo na educación non formal, na educación de persoas adultas, a inserción de persoas en risco de exclusión social e persoas con diversidade funcional así como na acción socioeducativa.



A comunidade pioneira na iniciativa da introdución dos educadores sociais na educación foi Estremadura que en setembro do 2002 contrataría a 118 destes profesionais un por cada instituto do ensino secundario

Este ano pasado na CCAA de Baleares, 10 institutos das Illas Baleares contarán no curso 2017/2018 con educadoras e educadores sociais segundo un anuncio da Conselleira de Servizos Sociais e o Conselleiro de Educación e Universidade que se distribuíron en 10 profesionais dos que 6 se distribuirían na Illa de Mallorca, 2 en Menorca e 2 en Ibiza.

O persoal técnico de intervención sociocomunitaria (TISOC) son educadores sociais que traballan co alumnado en risco de exclusión social nos institutos de secundaria e actuarán dentro da comunidade educativa con miras a acadar varios obxectivos, entre eles, o rendemento económico, as habilidades sociais, a prevención de conflitos, a mediación e a resolución na comunidade escolar dos mesmos. Ademais, traballan na redución do absentismo e fracaso escolar, mellora as competencias das persoas con discapacidade, a súa integración na comunidade escolar e aquelas que se atopan en risco de exclusión social.

En Galicia, o Colexio de educadoras e de educadores sociais de Galicia precisa unha Lei reguladora do exercicio da profesión.

Entre as reivindicacións do colectivo atópase a inclusión da figura de educador social nos centros educativos, incluídos nos Departamentos de Orientación.

A presenza e intervención nos centros escolares da figura de educadoras e educadores sociais tería como obxectivos a colaboración no desenvolvemento das habilidades sociais e autonomía persoal do alumnado, entre eles aqueles que presentan situacións de risco e na intervención ca mocidade, e ademais, posibilitarían a implementación de protocolos e educación, en colaboración coas ANPAS, nos centros educativos e a prevención da loita contra o acoso escolar ou “bullying” e a contribución á normalización da orientación sexual, no ámbito da

promoción da igualdade recollida na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Doutra banda, participarían na educación, prevención e detección de violencia de xénero mediante a aplicación de xeito transversal da Lei Orgánica 1/2004, de 28 do decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e o decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, ofrecendo deste xeito unha educación transversal en igualdade e en educación e prevención de violencia de xénero ligada a esta.

Ademais, tamén redundaría na introdución na educación e no coñecemento das leis de protección a infancia e adolescencia e os dereitos e deberes das crianzas, a L.O. 1/1996 de protección xurídica das persoas menores, a Lei 26/2015, de 28 do xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia, así como a normativa internacional sobre dereitos das crianzas e adolescentes contidos na Convención da ONU de dereitos das persoas menores de 1989, Convención ONU sobre dereitos das persoas con discapacidade do 13 de maio de 2006, o Convenio sobre a protección das persoas menores e a cooperación en materia de adopción internacional, do 29 de maio de 1993, o convenio sobre competencia, lei aplicable, recoñecemento, execución e cooperación en materia de responsabilidade parental e de medidas de protección das persoas menores de 28 do maio de 2010, así como os Convenios do Consello de Europa, sobre adopción de menores, 27 de novembro de 2008, o Convenio sobre protección de persoas menores contra a explotación e o abuso sexual, de 25 de outubro de 2007, e o Convenio Europeo sobre o exercicio dos Dereitos dos Menores, do 25 de xaneiro de 1996 e o Regulamento 2201/2003 do Consello de 27 novembro de 2003, sobre competencia, recoñecemento e a execución de resolucións xudiciais en materia matrimonial e de responsabilidade parental.



Por todo o dito, O Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Crear unha Lei de regularización da profesión de Educación Social e das e dos profesionais que nela interveñen, na que participen todas e todos os profesionais do ámbito educativo.
- 2.- Integrar as profesionais e os profesionais de educación social en toda a educación obrigatoria primaria e secundaria, así como na infantil.
- 3.- Conveniar coas ANPAS a introdución de contidos específicos.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez,

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/04/2018 13:56:46**



**Luca Chao Pérez na data 18/04/2018 13:56:53**

**Luis Villares Naveira na data 18/04/2018 13:56:59**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 4.<sup>a</sup>**, relativa ao amianto do colexio A Ramallosa.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O amianto é un material de orixe mineral formado por silicatos fibrosos. A súa capacidade para adoptar formas moi flexibles, así como a súa tremenda resistencia ao calor e aos produtos químicos, fixo del un produto moi ben valorado na industria. Ademais, é moi barato. Foi por iso que entre os anos 60 e 90 se fixo moi popular na construción, na fabricación de trens, barcos, vehículos (cambios e freos), na siderurxia, nas centrais térmicas e nucleares, e en materias téxtiles, envases e revestimentos. En total, hai amianto en máis de 3.000 tipos de produtos distintos. Só en España calcúlase que hai 2,6 toneladas deste material, a pesar de que leva tempo prohibido, tanto no noso país como no resto da Unión Europea.

O motivo da súa prohibición é o risco inmenso que supón para a saúde. Cando o amianto está deteriorado, desprende filamentos microscópicos que quedan suspendidos no aire. Os filamentos son indestrutibles e, ao ser respirados, causan danos severos á saúde, moitos dos cales son difíciles de observar en períodos curtos de tempo e son confundidos cos males provocados polo tabaco. Así é que, aínda que non podemos precisar a magnitude da ameaza, si podemos asegurar que na actualidade o amianto é unha das principais causas de mortalidade laboral.



Entre as diferentes enfermidades causadas polo amianto cabería destacar o cancro de pulmón, o mesotelioma e a asbestose (fibrose pulmonar), ademais das placas, os engrosamentos e derrames pleurais, e o cancro de larinxe, entre outros tumores malignos.

A parte máis triste dos danos causados polo amianto é que puideron terse evitado. Xa no ano 1906 diagnosticouse unha fibrose pulmonar froito da súa inhalación. Décadas máis tarde, no 1935, relacionouse co cancro de pulmón, vinte anos antes de que se establecera a mesma relación co tabaco. Tamén hai probas que o vinculan ao cancro pleural dende 1947. Polo tanto, o seu uso indiscriminado na industria só pode contemplarse como unha negligencia por parte das institucións encargadas de velar pola saúde pública. Neglixencia que chega ata os nosos días, xa que, por culpa da inactividade dos gobernos autonómicos e estatais, o amianto continúa sendo, aínda hoxe, unha ameaza para a poboación galega. A pesar dos perigos mencionados, nin sequera contamos cun mapa de estruturas nas que pode estar presente o amianto.

Entre os moitos edificios con amianto, está o colexio A Ramallosa, de Teo. O edificio non coñeceu unha soa obra de envergadura dende que foi construído fai 50 anos, polo que foi sumando deficiencias ata converterse nun barracón insalubre: frío e húmido, carece do acondicionamento mínimo para que os rapaces e rapazas poidan formarse nunhas condicións dignas. No ano 2013, a Anpa intentou que a Xunta valorara a capacidade enerxética do edificio para que tomara medidas, pero recibiu o silencio por resposta. No 2015-2016, a Anpa volveu reclamar, pero, para sorpresa de ninguén, tampouco recibiu resposta.

Así as cousas, os nenos e nenas de A Ramallosa están expostos, por unha banda, á intoxicación por amianto e, por outra, ás enfermidades derivadas do frío intenso e a humidade que caracterizan a nosa terra.



Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte  
Proposición non de Lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Retirar o amianto do colexio A Ramallosa e atender as súas demandas de acondicionamento.
- Elaborar un mapa dos colexios galegos que aínda teñen amianto nas súas estruturas.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez,

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/04/2018 14:13:04**

**Luca Chao Pérez na data 18/04/2018 14:13:11**



**Luis Villares Naveira na data 18/04/2018 14:13:18**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

No Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2018 consignan 42,5 millóns de euros para Galicia do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), é dicir, un 4,1 % menos que no 2017, rexistrando o segundo maior descenso de todas as comunidades autónomas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse o Goberno de España para converter o FCI nun potente instrumento de desenvolvemento rexional, que compense a perda de importancia que a partir de agora terán os fondos europeos e outorgue un novo impulso á converxencia interrexional modificando tres elementos claves do actual Fondo de xeito que:

- 1º) Se incremente substancialmente o volume dos fondos a disposición das comunidades autónomas beneficiarias para este exercicio 2018
- 2º) Recoller expresamente na lei o criterio de selección de comunidades autónomas beneficiarias, que serán aquelas cunha renda por habitante inferior á media española
- 3º) Facer efectivas as previsións da lei, en canto aos criterios de selección de variables, e proceder á súa revisión. Para iso, manterase a distinción entre a fase asignativa e a redistributiva.

 Grupo Parlamentario

a) Na fase asignativa deberíanse utilizar as seguintes variables:

- Poboación equivalente, que teña en conta os tramos de poboación convenientemente ponderados.
- Superficie.
- Dispersión.
- Insularidade.
- O inverso da poboación ocupada relativa.
- O esforzo investidor autonómico, proporción que representan os gastos de capital autónomo sobre os ingresos da Comunidade Autónoma.

b) Na fase redistributiva utilizarase a inversa da renda por habitante.

4º) Converter o FCI nun verdadeiro Fondo Interanual de Desenvolvemento (FIDER) coas seguintes características:

- a) Cambiar o carácter anual do FCI para incardinalo nunha programación plurianual.
- b) Mellorar a avaliación dos programas que deben ser obxecto de seguimento e avaliación. De forma previa á súa validación polo Consello de Política Fiscal e Financeira sufrirán unha avaliación externa independente, completando metas cuantificadas que permitan efectuar un xuízo obxectivo sobre o seu nivel de cumprimento no modo e prazos previstos.
- c) Eliminar a escisión do FCI entre un Fondo de Compensación e un Fondo Complementario, integrando os recursos do último no principal. O FCI debe financiar gastos destinados a aumentar o stock de capital público, so pena de confundirse con outros instrumentos do financiamento autonómico.

Pazo do Parlamento, 16 de abril de 2018





 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/04/2018 18:54:53**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/04/2018 18:55:03**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/04/2018 18:55:13**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Os castiñeiros (*castanea sativa*) son árbores cunha orixe foránea e que moi probablemente chegaron á península da man dos romanos.

A madeira de castiñeiro ten ganado un importante lugar dentro da construción e mobiliario, e o seu produto estrela a castaña axudou a calmar a fame de xeracións enteiras de galegos.

Pronto colleron carta de natureza na nosa xeografía e xa desde a época medieval aparecen nas referencias forais como un cultivo e produción que cón paso do tempo foros collendo importancia na dieta das poboacións ao longo e ancho da xeografía galega e só coa introdución e espallamento dun novo cultivo como a pataca foron perdendo peso na dieta dos nosos devanceiros. Ata ben entrado o século XIX a castaña mantivo unha grande presenza como alimento de referencia.

Ao longo do século XX o consumo de castaña foi perdendo pouco a pouco a súa anterior relevancia e os castiñeiros tamén deixaron de ser obxecto de coidados que os mantivesen en perfectas condición ata que na segunda metade do século XX o abandono dos soutos e castiñeiros foron facéndose patentes en paralelo ao abandono do mundo rural.

Non é menos certo que co esquecemento e desleixo de soutos e castiñeiros, xa desde finais do s. XX a castaña como produto alimenticio foi gañando espazo con novas aplicacións e ao calor dunha forte demanda exterior que fixeron volver a vista cara a esta produción.



## Grupo Parlamentario

Nas últimas décadas a produción de castaña veuse relevando como unha alternativa crible para a as economías agrarias ben como produción principal e sobre todo como un complemento de rendas que axuda a equilibrar as contas de moitos habitantes do rural.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Froito desta circunstancia é o incremento na demanda de plantas de castiñeiro como unha produción rendible e son moitos os habitantes do mundo rural que pensan en plantar castiñeiros que ademais do seu valor económico reportan outros beneficios como os medioambientais, de biodiversidade e paisaxísticos.

A día de hoxe un dos problemas cos que se atopan as persoas que queren plantar castiñeiros e consolidar soutos (ademais do combate contra a avespiña) é atopar planta certificada dadas as distintas variedades de castaña e as súas distintas particularidades e posibilidades.

Na actualidade hai rexistrades 23 variedades por parte do Ministerio de Agricultura (nun proceso vivo de ampliación de variedades), pero non existe ningún órgano certificador da calidade de variedade das plantas de castiñeiros, provocando unha eiva que cómpre emendar no menor tempo posible.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Crear un órgano de certificación que dea garantía sobre as distintas variedades de castaña a plantar con carácter de urxencia (antes do 31 de setembro de 2018), e dotalo de medios suficientes para que poida desenvolver o seu labor con eficacia.

2º) Co mesmo horizonte temporal poñer en marcha e/ou habilitar un ou varios centros de referencia complementarios do órgano certificador de variedade.

Pazo do Parlamento, 17 de abril de 2018



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 18/04/2018 19:13:16**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/04/2018 19:13:29**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/04/2018 19:13:38**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 10:42  
Nº Rexistro: 29633  
Data envío: 19/04/2018 10:42:24.648

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión**.

O 2 de febreiro de 2017 o Pleno do Concello de Gondomar aprobou a integración de Gondomar no *Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de transporte metropolitano de Vigo*. Tamén nesa data, aprobou a consignación económica correspondente. Posteriormente trasladou á Consellería a documentación correspondente, tendo a día de hoxe todo o trámite necesario para súa inclusión no citado Convenio.

Mais a día de hoxe o Goberno da Xunta está a impedir que a integración sexa efectiva xa que aínda non convocou a Comisión de Seguimento do devandito Convenio na que se poida incluír o noso concello, membro nato da Área Metropolitana de Vigo. Dita comisión non se convoca desde abril de 2017, incumprindo así a cláusula 4.3.- *Operatividade* na que se indica que “a comisión reunirse cunha periodicidade cando menos semestral”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Convocar, á maior brevidade posible, a Comisión de Seguimento do *Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de transporte metropolitano de Vigo* -que non se reúne desde o 7 de abril de 2017, incumprindo así a cláusula 4.3.-*Operatividade* na que se indica que “*a comisión reunirase cunha periodicidade cando menos semestral*”.

2.- Incluír na orde do día, para que poida ser tratada e aprobada, a solicitude do Concello de Gondomar para se incorporar ao transporte metropolitano, de xeito que a súa veciñanza poida dispoñer da tarxeta metropolitana e beneficiarse dos descontos no importe dos billetes, co conseguinte aforro nos gastos de desprazamento.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 10:42**  
**Nº Rexistro: 29633**  
Data envío: 19/04/2018 10:42:24.648

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 10:31:25**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 10:31:36**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 10:31:40**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 10:31:42**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 10:31:43**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 10:31:44**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e a súa deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**, sobre as melloras que se deben de acometer nas condicións das traballadoras e traballadores da empresa pública SEAGA.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

SEAGA é unha empresa pública creada pola Xunta de Galiza no ano 2006 para a realización, como medio propio da Administración galega, e ao seu servizo, de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestacións de servizos en materias forestais, especialmente as relacionadas coa prevención e loita contra os incendios forestais en particular e, en xeral, intervencións de carácter urxente relacionadas cos lumes forestais.

No dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais conviven diversos actores, pero á hora do ataque directo na primeira liña de lume atópase o persoal que dirixe as tarefas (axentes e técnicos fundamentalmente) e o persoal que se enfronta ás lapas: brigadas contratadas directamente pola Consellería de Medio Rural e brigadas contratadas a través da empresa pública SEAGA.

Non existe diferenza ningunha entre estes dous tipos de traballadores e traballadoras á hora da extinción dos lumes forestais, están baixo o mesmo mando e actúan conxuntamente.





Pero si existen varias diferencias previas posteriores:

- O persoal contratado directamente pola Consellería está incluído no V Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.
- O persoal contratado a través de SEAGA non ten convenio nin se lle aplica o V Convenio. Aplícaselle o Estatuto dos Traballadores excepto, curiosamente cando se trata de reducir o salario pola aplicación dos recortes salariais aos empregados públicos.
- Os salarios dos traballadores de SEAGA son inferiores aos do persoal contratado directamente. Non se lles recoñece o tempo traballado en SEAGA para acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.
- Os contratos de SEAGA limítanse todos a 3 meses de duración, cando entre o persoal contratado directamente pola Xunta hai un importante colectivo de fixos-descontinuos de 9 meses.
- Aos traballadores de SEAGA a empresa obrígaos, mediante un protocolo imposto que denunciaron ante a inspección de traballo, a realizar na mesma xornada tarefas de prevención e extinción, co risco que isto supón para a seguridade e a merma de efectividade na extinción dos lumes. Teñen constatadas xornadas laborais de 4 horas de traballo de prevención, máis 8 de extinción.

En resumo, realizan as mesmas funcións que os seus compañeiros-as do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais (SPDCIF), pero cobran menos, teñen menos dereitos, teñen contratos de menor duración, teñen que realizar tarefas de prevención e extinción na mesma xornada e ademais non se lles recoñece o tempo traballado.

Desde os Comités de Empresa e a título individual, os traballadores-as denunciaron e gañaron sentenzas que lles recoñecen dereitos do V Convenio único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, están agardando resolución da



Inspección de Traballo polo protocolo que lles obriga a duplicar tarefas e están demandando ante a dirección de SEAGA e ante Función Pública que se lles aplique a disposición transitoria sexta da LOFAXGA, que di:

*“En relación co persoal regulado no título III desta lei cuxo réxime xurídico lle asigne retribucións inferiores ás establecidas no convenio colectivo do persoal da Xunta de Galicia para as correspondentes categorías procederase, nun prazo de dous anos desde a aprobación desta lei, a negociar coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos a aplicación do convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia”.*

Esta lei é a 16 / 2010 de 17 de decembro, co cal van case 5 anos desde a súa aprobación.

Por todo o exposto o Grupo ParlamentarIO de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 7.ª:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Aplicar o V Convenio Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia ao persoal de SEAGA.
- 2) Ampliar os contratos a 9 meses, o mesmo que os das compañeiras-os contratados directamente pola Consellería.
- 3) Eliminar o protocolo que obriga a realizar tarefas de prevención e extinción durante os meses de alto risco de incendios forestais.



4) Recoñecer o tempo traballado en SEAGA á hora de acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez  
Paula Quinteiro Araújo  
Deputado e deputada do G.P. de En Marea.  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 19/04/2018 11:00:07**

**Paula Quinteiro Araújo na data 19/04/2018 11:00:19**

**Luis Villares Naveira na data 19/04/2018 11:00:26**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á devolución das indemnizacións por parte dos ex-directivos das caixas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Proposicións non de lei A finais do 2016, o Tribunal Supremo confirmou a pena de dous anos de prisión imposta a varios ex-directivos de Novacaixagalicia polas escandalosas indemnizacións de prexubilación que se autoadxudicaron, ao tempo que reprocharon á Audiencia Nacional que as condenas deberon ser moito maiores.

A sentenza ditada polo Tribunal Supremo o 9 de abril deste ano, e que responde aos recursos dos acusados, reduce as indemnizacións que lles atribuíu inicialmente a Audiencia Nacional en 2016, cando os declarou responsábeis civís solidarios en relación co delito de apropiación indebida por xestión desleal, ao estimar parcialmente os recursos presentados por Pego, Gorriarán e Óscar Rodríguez Estrada. Así, os dous primeiros deben asumir a súa responsabilidade civil directa, e o terceiro queda exonerado de toda responsabilidade civil. Esta sentenza non é recorríbel.

Deste xeito, o Tribunal Supremo condena de xeito definitivo a José Luis Pego e a Gregorio Gorriarán a devolver 6.476.237 euros e 3.969.349 euros respectivamente, xa que logo, suman un total de 10.445.586 euros, resultante das indemnizacións que se



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 11:02**  
**Nº Rexistro: 29644**  
Data envío: 19/04/2018 11:02:34.773

autoadjudicaron no período no cal a entidade bancaria estaba a recibir multimillonarias axudas públicas do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB) para tentar evitar a súa quebra.

Cómpre recordar que o FROB inxectou máis de 9.000 millóns no proceso de fusión e bancarización das antigas caixas, dando lugar a Novagalicia Banco, e neste sentido a sentenza sinala que “os acusados, a través dos novos contratos e sabendo que ían ser cesados nos seus postos en canto fose constituído o novo banco, lograron que, mediante engano, se lles aprobasen uns contratos de prexubilación” a repartir entre catro ex-directivos. A sentenza recalca que ese diñeiro, que foi cobrado en 2011, prodúcese nun momento no cal o FROB xa levaba tres anos inxectando diñeiro de todas e todos os contribuíntes para rescatar as caixas.

A sentenza conclúe que este diñeiro ten que ser ingresado “á entidade sucesora nos dereitos e obrigas de Novacaixagalicia” e remite á execución da sentenza a posibilidade de que o diñeiro vaia ao FROB, que será o que finalmente se produza, segundo aclaran fontes de Abanca.

Esta fraude sucedeu ao tempo que en Galiza vivíamos unha intensa crise que provocou que as galegas e galegos sufrisen enormes dificultades para saír adiante, feito que foi agravado pola política de austeridade e recortes do Partido Popular. Na actualidade esta situación aínda queda lonxe de superarse completamente, tal e como amosa o feito de que o 39,25% da poboación galega ten dificultades para chegar a fin de mes (Enquisa Estructural a fogares, 2016).

Xa que logo, é preciso adoptar medidas extraordinarias para reverter esta situación e mellorar as condicións de vida das galegas e galegos, a comezar por garantir uns servizos e políticas sociais de calidade. É por elo que propoñemos que o diñeiro das



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 11:02**  
**Nº Rexistro: 29644**  
Data envío: 19/04/2018 11:02:34.773

indemnizacións –xurdidas dentro dunha entidade galega de orixe semipúblico-, reverta directamente na mellora da calidade de vida das galegas e galegos, e para elo propoñemos que o diñeiro das indemnizacións sexa transferido á Xunta de Galiza co obxectivo de reforzar as políticas e servizos sociais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a realizar as xestións oportunas para que o FROB transfira á Xunta o importe íntegro das indemnizacións que deben aboar os ex-directivos das caixas, para o seu uso na mellora de servizos sociais básicos como a sanidade e a educación.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 11:02**  
**Nº Rexistro: 29644**

Data envío: 19/04/2018 11:02:34.773

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 10:59:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 10:59:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 10:59:28**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 10:59:29**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 10:59:31**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 10:59:32**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 11:14  
Nº Rexistro: 29645  
Data envío: 19/04/2018 11:14:46.617

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Goberno do Estado vetou por dúas veces a tramitación polo Congreso da proposición de lei de transferencia da AP 9 aprobada por unanimidade polo Parlamento galego. A principal razón do veto á toma en consideración da citada lei, na súa segunda formulación, foi a aplicación do apartado sexto do artigo 134 da Constitución, co argumento de que “a aprobación da proposición de lei suporía un aumento dos créditos orzamentarios, polo que o goberno nos presta a súa conformidade para a súa tramitación”.

Malia este informe do goberno, a realidade é que o veto á admisión a trámite foi unha decisión política da mesa do Congreso, cos votos do PP e Ciudadanos. E esta decisión adoptouse en contra do criterio da asesoría xurídica do Congreso a respecto da capacidade de veto do goberno ao amparo do citado artigo da Constitución. O informe da letrada xefa do Congreso baséase en dous argumentos irrefutábeis:

1º) A facultade de veto do goberno debe ter un uso “excepcional”, porque se non “impide que as cámaras exerzan a función lexislativa”: O artigo 134 da Constitución non concede ao goberno “un dereito de veto ilimitado que poida cercenar a iniciativa





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 11:14  
Nº Rexistro: 29645  
Data envío: 19/04/2018 11:14:46.617

lexislativa do Congreso”. Tal como o está a aplicar o goberno supón na práctica a non separación dos poderes executivo e lexislativo: "Se se aplica e admite esa aplicación, a potestade lexislativa queda nas mans do Goberno, o que supón a maior contradición cos poderes do Congreso e do Senado".

2º) Os informes do goberno refírense a un incremento de créditos sen determinarr as partidas concretas dos orzamentos xerais do Estado que se verían afectadas, polo que se conclúe que non vale unha avaliación xenérica do impacto económico.

2. O martes 17 de abril coñeceuse unha sentenza do Tribunal Constitucional que establece que o goberno non ten dereito ilimitado de veto á tramitación de proposicións de lei, e que ademais debe precisar as partidas orzamentarias concretas que se verían afectadas. Por outra parte, a sentenza determina que “o veto orzamentario non poderá exercerse por relación a orzamentos futuros, que aínda non foron elaborados polo Goberno nin sometidos polo tanto a aprobación".

3. Do anteriormente sinalado deríavase o uso abusivo por parte do goberno das facultades ás que fai referencia o apartado sexto do artigo 134 da Constitución. Fica claro que na tramitación da proposición non de lei de transferencia da AP9 aprobada polo parlamento galego produciuse unha interferencia do poder executivo sobre o lexislativo, e que se trata dun veto político apoiado polo PP e Ciudadanos.

4. O BNG ten presentado un recurso diante do TC contra o veto e a favor da tramitación polo Congreso da proposición de lei, mais tendo en conta a citada sentenza e o informe da asesoría xurídica do Congreso consideramos necesario reactivar a tramitación da lei de transferencia da AP 9.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza adopta como resolución remitir de novo ao Congreso a proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP 9 que foi aprobada por unanimidade polo Pleno, ao abeiro da sentenza do Tribunal Constitucional e do informe da asesoría xurídica do Congreso que poñen límites á capacidade de veto do goberno á admisión a trámite de leis con base no establecido no apartado sexto do artigo 134 da Constitución.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 11:14**  
**Nº Rexistro: 29645**

Data envío: 19/04/2018 11:14:46.617

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 11:10:11**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 11:10:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 11:10:17**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 11:10:19**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 11:10:21**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 11:10:22**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 11:31  
Nº Rexistro: 29652  
Data envío: 19/04/2018 11:31:26.258

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque forestal de Castiñeiras, situado en terreos das comunidades de Montes de Vilaboa, Santa Cristina de Cobres e Xan Xulián de Marín, está a experimentar un grave deterioro e abandono ao longo dos últimos anos.

Segundo denunciou a directiva da comunidade de montes de Vilaboa a Xunta de Galiza está a incumprir o convenio asinado no 2001, con 30 anos de vixencia, que obriga á administración autonómica a desenvolver un plan anual de actuación nas máis de 20 hectáreas conveniadas. Esta situación foi comunicada pola comunidade de montes en repetidas ocasións, sen que haxa ningunha resposta por parte da consellaría de medio ambiente.

O estado de deterioro do parque é evidente e vai cada vez a máis, o que está a causar tamén as queixas das persoas que se achegar ao lugar. As principais mostras de abandono son as seguintes:

a) Falta de coidado e de tratamento do xardín botánico e das zonas arboradas. Non se fan podas, nin tratamentos silvícolas nin retirada de árbores danadas ou secas.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

b) A lagoa artificial, o elemento máis emblemático do parque, está practicamente seca. Non se fixeron traballos de mantemento nin se repararon as fendas do muro.

c) O valado de madeira que rodea a área do parque está deteriorado e en moitas zonas está derrubado no chan ou non existe.

d) Unha senda de terra que se arranxou o ano pasado ten varios puntos en mal estado pola acción das chuvias e as escorrentías.

e) O mobiliario está deteriorado e en mal estado.

f) Os baños precisan mellorar o mantemento e limpeza

g) As zonas dedicadas a mesas e asadoiros están en moitas partes invadidas pola maleza e case non se ven.

h) Deficiente sinalización tanto nos accesos como no propio parque.

Por outra parte, nos terreos do parque existe unha importante área arqueolóxica formada por un conxunto de mámoas que precisa tamén de mantemento, limpeza e promoción.

Esta situación de deterioro, declive e abandono vaise ver acrecentada polo traslado ao concello de Cotobade do Centro de Recuperación de Aves que ata agora estaba ubicado no parque de Castiñeiras, en terreos do concello de Marín.

O pasado 10 de febreiro do ano 2018, a Xunta informou a través dunha resposta parlamentaria ao BNG que levaba investido máis de 300.000 euros no parque e na súa contorna desde o ano 2009. Esta información contrasta cos datos de que dispoñen as comunidades de montes de Vilaboa, San Xulián y San Tomé.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto, O Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta a

1. Cumprir os convenios asinados coas comunidades de montes de Vilaboa, San Xulián e San Tomé, que obriga ao Goberno galego a desenvolver un plan anual de actuación.

2. Aprobar no ano 2018 un Plan plurianual de mellora e promoción dos valores ambientais, paisaxísticos, culturais, educativos e sociais do parque de Castiñeiras co obxecto de que recupere o bo estado que o converteu nun importante foco de atracción de visitantes no pasado.

3. Este plan será elaborado coa participación das comunidades de montes e dos concellos de Marín e Vilaboa, e contará con partidas económicas detalladas por anos para as distintas liñas de actuación.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

**Asdo.: Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 11:31  
Nº Rexistro: 29652

Data envío: 19/04/2018 11:31:26.258

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 11:30:44**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 11:30:49**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 11:30:52**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 11:30:53**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 11:30:54**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 11:31:00**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a situación na que se atopan as e os axentes forestais e medioambientais de Galiza.

### Exposición de motivos

A Xunta de Galicia, leva dende o ano 2017 coas negociacións paradas cos e cas axentes forestais e medioambientais.

Os representantes legais destes e destas traballadoras asinaron coa Administración Pública galega o “Acordo sobre condicións de traballo da escala de Axentes Forestais” o 24 de xuño do 2004, sobre o réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licenzas e permisos e compensacións económicas da escala de Axentes Forestais de Galicia e que foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 31 de marzo de 2005. Este acordo leva caducado máis de catro anos.

As traballadoras e traballadores, así como as organizacións sindicais, solicitaron en varias ocasións á Xunta de Galicia que se renovara o dito acordo, estás negociacións que se iniciaron tras a vaga de lumes de 2017, e quedaron suspendidas de xeito unilateral por orde da Dirección Xeral de Función Pública en decembro do citado ano.

A Xunta incumpre os acordos cos Axentes Forestais e Medioambientais que actualmente ten unha situación precaria. Son varios os incumprimentos de acordos asinados cos axentes medioambientais e, entre eles, o primeiro que incumpren e o da redacción dun novo regulamento de funcións da escala, asinado o 15 de setembro de 2016, onde as Consellerías de Facenda, Medio Ambiente e





Ordenación do Territorio e a Consellería de Medio Rural se comprometían a no ano 2016 redactar un novo regulamento.

Outro acordo que se está a incumprir é o que trata sobre a formación da nova escala de axentes onde a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria asinaba con Medio Ambiente e Medio Rural un convenio onde se comprometía a iniciar a formación no curso académico 2017-2018.

Nun comunicado recente dos representantes sindicais, as traballadoras e traballadores do servizo están a valorar ir á folga indefinida na vindeira campaña de incendios, posto que ven como se acerca unha nova campaña de alto risco sen obter resposta dunha reunión para a negociación dunhas condicións de traballo dignas cun novo acordo onde se regule o réxime de prestación de servizos e horarios deste persoal que se adapte ás novas condicións climatolóxicas actuais e que sexa operativo para atallar os lumes de nova xeración.

De facerse efectiva esta folga, a Xunta de Galicia quedará sen directores de extinción, figura clave nun lume e que só eles poden levar a cabo.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reunirse de forma urxente cos e cas representantes dos e das axentes forestais e medioambientais para retomar así as negociacións e cumprir os acordos que hoxe a Xunta de Galicia non está a levar a cabo.

Santiago de Compostela a 16 de abril de 2018.

Asdo.: David Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García



Marcos Cal Ogando

Deputados e Voceiro s. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á que a Xunta de Galiza se dirixa ao Ministerio de Fomento para solicitar a cesión da xestión das salas do edificio do Faro de Fisterra ao Concello de Fisterra, e se recupere o uso do nautófono denominado “Vaca do Faro”, como medidas necesarias para incluír na tramitación de solicitude do Cabo de Fisterra no Selo de Patrimonio Europeo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2007 o Cabo Fisterra foi distinguido co Selo de Patrimonio Europeo, aquel que distingue lugares da historia, cultura e a integración europea. A partir do ano 2011, e tras a aprobación da Decisión nº 1194/2011/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 16 de novembro, pola que se establece unha acción da unión Europea relativa ao Selo do Patrimonio Europeo, tivo lugar unha profunda revisión dos criterios de designación, e os lugares anteriormente distinguidos precisaron novamente dunha formalización de solicitude para o mantemento de dita distinción. Deste modo o Cabo Fisterra foi excluído, no ano 2014, na fase de preselección, por non cumprir cos criterios de cualificación e non demostrar o nivel requirido de capacidade operativa, segundo resposta do Comisario Europeo de Educación e Cultura, Tibor Navracsics, á pregunta da eurodeputada do BNG, Ana Miranda, ao respecto desta cuestión.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Comunicando que “*sería benvida calquera nova solicitude relativa ao Cabo Fisterra que teña en conta as conclusións expostas no informe do Comité*”.

O interese do Concello de Fisterra por recuperar dito Selo non decaeu, máis para logralo, e candidatar o Cabo Fisterra, resulta necesario abordar diferentes medidas de mellora na proposta, entre elas, mellora nos accesos e o ordenamento ao tráfico no Cabo, reapertura dos edificios históricos do Faro para a recepción e atención dos miles de visitantes, proporcionar instalacións para unha oferta cultural, hospedaxe e restauración integrados, así coma establecer medidas de vixianza e control de usos do entorno.

Dende que se desbotou a candidatura do Cabo Fisterra, por parte do Comité de selección da Unión Europea, foron varias as medidas recuperadas que permiten mellorar ostensiblemente a “cualificación” e “o nivel requirido de capacidade operativa” do Cabo, das que cabe destacar as seguintes intervencións:

- Ano 2015: creación dunha senda de peóns dende a Vila de Fisterra ao Cabo.
- Ano 2016: A reapertura do emblemático edificio do Semáforo coma “taberna tradicional”.
- Ano 2017: : A reapertura do emblemático edificio do Hotel O Semáforo de Fisterra.
- Ano 2018: Cesión da estrada ao Faro de Fisterra mediante convenio coa Autoridade Portuaria.

Así coma que o Concello de Fisterra vén dispoñendo de persoal específico durante a temporada alta para a regulación e control de acceso dos visitantes.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 18:01  
Nº Rexistro: 29735  
Data envío: 19/04/2018 18:01:28.527

A pesar de que neste ano 2018 a Autoridade Portuaria de A Coruña, dependente do Ministerio de Fomento, vén de asinar un convenio pola que cede a titularidade da estrada de acceso ao Faro ao Concello de Fisterra, medida que o propio concello considera estratéxica para permitir unha ordenación do fluxo de visitantes ao Cabo, resulta necesario que dita Autoridade Portuaria complete a cesión das instalacións que posúe do edificio do Faro que, ademais, mantén infrautilizados e con risco de deterioro pola situación de desuso na que se atopan.

A posibilidade de que o Concello de Fisterra asuma a xestión dunha parte destas instalacións pode permitir completar as iniciativas postas en marcha para poder optar con garantías á recuperación do Selo Europeo. Polo que nestes momentos resulta preciso abordar a consecución das dúas seguintes cuestións, das que se depende do Ministerio de Fomento para logralo: a revogación do convenio entre Neria e a Autoridade Portuaria que permita establecer un novo convenio co Concello de Fisterra e a recuperación do nautófono ou sinal acústico coñecido coma “Vaca do Faro” coma valor patrimonial inmaterial de Fisterra, e establecemento dun protocolo entre a Autoridade Portuaria e o Concello de Fisterra para a activación e uso do mesmo con fins turísticos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a dirixirse ao Ministerio de Fomento para que proceda, por medio da Autoridade Portuaria de A Coruña, e no menor tempo posible, a aprobar un acordo de cesión das instalacións en desuso do edificio do Faro de Fisterra, para destinala a fins de promoción turística e cultural. Así



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 18:01**  
**Nº Rexistro: 29735**  
Data envío: 19/04/2018 18:01:28.527

como a recuperación e funcionamento do nautófono, a Vaca de Fisterra, coma un ben patrimonial inmaterial e reclamo turístico de Fisterra e da Costa da Morte. Ambas medidas esenciais para poder abordar dende o Concello de Fisterra e o ente Turismo de Galicia a recuperación do Cabo Fisterra coma Selo de Patrimonio Europeo”.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 18:01:03**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 18:01:07**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 18:01:09**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 18:01**  
**Nº Rexistro: 29735**  
Data envío: 19/04/2018 18:01:28.527

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 18:01:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 18:01:12**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 18:01:13**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de adaptación das prazas de formación MIR e EIR, e de convocatoria de OPE, as necesidades reais de profesionais no Sergas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público, recortes que se están aplicando dun xeito xeralizado, tanto na atención hospitalaria como en atención primaria, e en todo o territorio galego.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

Con data 18 de maio de 2012 publicouse do DOG a orde pola que se aproba o Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, dado que a vixencia do mesmo era ata o 31 de decembro de 2013, publicouse o 5 de decembro a orde pola que se aproba o Plan de ordenación de recursos humanos relativo á xubilación, prolongación da permanencia e prórroga no servizo activo do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Este Plan, concibido como un instrumento de planificación, conclúe que hai un importante envellecemento do persoal: *“no dito instrumento de planificación, logo de analizarse as necesidades da organización sobre a base do estudo e valoración previos da estrutura poboacional e a actual configuración do cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde, conclúese un significativo envellecemento en termos globais do persoal do organismo, de xeito paralelo ao da propia poboación galega, que resulta máis acusado no colectivo de persoal licenciado sanitario. A dita circunstancia ten unha singular incidencia en diversos aspectos organizativos da actividade asistencial, entre os que cabe destacar a dispoñibilidade decrecente do citado colectivo para a cobertura da atención continuada.”*

*...“Derivado da normativa e do diagnóstico de situación efectuado no propio instrumento de planificación, o precedente Plan de ordenación de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde dispuxo, como medida xeral de ordenación, a perda da condición de persoal estatutario fixo dos seus profesionais por cumprimento da idade de xubilación forzosa.”*

É unha evidencia, que se a Consellaría de Sanidade non adapta as prazas de formación ás necesidades asistenciais, a consecuencia será que en pouco tempo o Sergas non disporá de persoal para cubrir as vacantes que se van producindo por xubilación, nin ausencias, baixas...

O Sergas non actúa en formación e non leva a cabo políticas laborais que fomenten que @s profesionais que se forman se lles ofrezan condicións laborais dignas para levar a cabo en Galiza os seus proxectos vitais e polo tanto emigran a onde si llas ofrecen.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Como consecuencia desta nefasta política de persoal levada a cabo polo Partido Popular na Consellaría de Sanidade, cada vez é máis patente que non hai profesionais dispoñíbeis para cubrir baixas, vacacións, licenzas, permisos...

Para ter uns servizos públicos de calidade, unha sanidade pública de calidade é preciso ter profesionais formados, cualificados e en número suficiente, por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Demandar do Goberno español o aumento do número de prazas para adaptar as prazas de formación polo sistema de Residencia MIR e EIR, que se ofertan en Galiza, ás necesidades reais que ten o Sergas de cobertura de profesionais.

-Presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación, e a convocar o mesmo número de prazas que se convocou no concurso aberto permanente de mobilidade(concurso de traslados), que na súa totalidade se aproxima ás 6.000 prazas vacantes.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 18:10**  
**Nº Rexistro: 29739**  
Data envío: 19/04/2018 18:10:47.136

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 18:03:59**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 18:04:06**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 18:04:07**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 18:04:09**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 18:04:10**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 18:04:11**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 6.<sup>a</sup>**, relativa ás enganosas ofertas aos consumidores para contratar ou pasarse ao mercado libre da electricidade nos fogares.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses están a producirse agresivas campañas de publicidade tanto en medios como mediante chamadas telefónicas e visitas domiciliarias por parte das principais comercializadoras que operan no mercado libre da electricidade. O obxectivo é conseguir que os consumidores renuncien á tarifa PVPC (Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor) pasándose ao mercado libre, habitualmente con ofertas enganosas de tarifas que na inmensa maioría dos casos vanlles a implicar sobrecustos e renuncia a posibles dereitos como o Bono Social. E o máis grave é que na maioría dos casos o consumidor non é consciente do que está a asinar.

Algúns dos usuarios serían conscientes de que contrataron a luz cunha comercializadora do mercado libre, pero a maioría cámbianse, ou cámbianos, sen sabelo, como denuncian as organizacións de consumidores.

A CNMC realiza cada seis meses unha enquisa entre os consumidores para examinalos. E a última, de novembro pasado, revela que o 44 % dos consultados non sabían que tipo de tarifa eléctrica tiñan contratada, e un cuarto deles tampouco coñecían que potencia eléctrica tiñan dispoñible no fogar.



A CNMC tamén constatou estas prácticas de engano e hai un ano comunicou unha multa de 155.000 euros a Gas Natural Fenosa, Iberdrola, Endesa e Viesgo por cambiar o contrato de varios clientes para pasalos ao mercado libre sen o seu consentimento expreso.

En Marea xa rexistrou fai un ano unha PNL similar, pero a situación en vez de ser corrixida estase a agravar de maneira intolerable.

A última campaña das eléctricas do oligopolio, para tentar pasar masivamente a clientes ao mercado libre, foi no pasado mes de marzo de 2018, cunha carta a todos os seus clientes na que lles comunicaban a finalización no mes de abril do antigo Bono Social e que se non era renovado nesas datas perderían. Tamén avisaban de que moitas persoas, ao cambiar as condicións do Bono Social xa non terían dereito a el. Non avisaron con tanta dilixencia da ampliación do prazo ao mes de outubro ante o fracaso do Goberno que ao non comunicalo axeitadamente aos consumidores fixo que só un 5% dos beneficiarios solicitaran a renovación na data límite.

Ante esta ameaza de perda do Bono Social, as compañías propoñían na mesma carta a recomendación de pasarse ao mercado libre e enganosamente parecían suxerir que lles permitiría manter unha tarifa reducida.

Polo contrario a realidade, despois dun estudo feito por En Marea, é que na maioría dos casos as persoas en PVPC no mes de marzo estaban a pagar unha media de 0,115 €/kwh e no mercado libre a 0,155 €/kwh, e incluso máis. É dicir un incremento do 35% na parte de enerxía do recibo.

Por outra banda as compañías poñen moitas dificultades e non informan axeitadamente para a contratación da tarifa PVPC con discriminación horaria, que favorecería a máis do 33% dos fogares.



Na inmensa maioría dos casos ter un contrato deste tipo non sae a conta e é máis barata a tarifa regulada. Con todo, moitos usuarios déixanse conquistar polos descontos que prometen as compañías do negocio libre durante o primeiro ano, que a partir do segundo convértense en subidas enmascaradas. Ademais, outro tipo de ofertas ofrecen a oportunidade de abonar un prezo fixo cada mes, pero esa estabilidade págase e a factura engorda ao final de ano.

Ademais ao pasar ao mercado libre aos consumidores as comercializadoras eluden as normativas do regulado polo Ministerio de Enerxía e pactan directamente co cliente prezos e condicións do contrato.

Desta maneira eluden e anulan dereitos dos consumidores que se inclúen na tarifa PVPC dos que en moitos casos as persoas que cambian o contrato non son conscientes e que nunca lles son advertidos. Entre outros podemos citar:

- Regulación sobre os cortes de subministración por falta de pagamento de facturas. No PVPC, as comercializadoras deben dar unha marxe de tempo de ata catro meses aos clientes nesa situación antes de deixalos sen luz. No libre, a interrupción pode ser instantánea.
- No regulado tamén se ofrece a posibilidade de acollerse ao bono social, que non existe no outro. No libre non é posible acollerse ao bono social.

Ata hai pouco tempo a inmensa maioría de consumidores galegos estaban na tarifa PVPC, pero as agresivas e enganosas campañas mencionadas están a reverter esta situación, o que constitúe unha estafa de enormes magnitudes. Mesmo se dá o caso de que en novas contratacións nin sequera se ofrece ao consumidor a posibilidade de contratar a PVPC. É verdade que a tarifa de libre mercado podería ser vantaxosa para algúns fogares, pero son os mínimos e con condicións moi especiais.

A situación actual é a seguinte:





- Gas Natural Fenosa: 1.100.000 abonados en PVPC e 300.000 en mercado libre.
- Iberdrola: 3.000 abonados en PVPC e 94.000 en mercado libre.
- Viesgo: 37.000 abonados en PVPC e 54.500 en mercado libre.
- Endesa: 1.600 abonados en PVPC e 68.200 en mercado libre.

É dicir un total en Galicia de 516.700 consumidores no mercado libre.

Estimamos que ao 90% deles non lles compensa estar nesta tarifa, que lles supón, como mínimo, entre 100 e 200 € máis de custo anual polo seu consumo eléctrico, ademais de renunciar aos dereitos xa comentados.

Estas hipóteses levaríannos a estimar que a estafa que se está producindo supón un coste extra para as cidadás e cidadáns de entre 25,8 e 51,6 M€ ao ano.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente para dar resposta a esta agresión, económica é de dereitos, á cidadanía e poñer os medios para impedila.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Promover unha campaña de información a través da Dirección Xeral de Comercio que advirta aos consumidores das prácticas que están a desenvolver as compañías distribuidoras de electricidade para trasladar aos seus clientes ao mercado libre.
- 2.- Establecer puntos de información en todas as cidades e cabeceiras de comarca de Galicia, en coordinación cos concellos, nos que as cidadáns e os cidadás podan ser asesoradas por expertos sobre a mellor tarifa e potencia contratada para o seu caso particular.
- 3.- Esixir ás compañías comercializadoras que informen aos usuarios do custo anual da enerxía, coas promocións e, unha vez rematadas as promocións,



segundo o novo contrato que lles ofrezan en función do consumido o ano anterior, e lles fagan unha comparativa co que pagaron estando no PVPC.

4.- Esixir ás compañías comercializadoras de informar aos consumidores dos dereitos aos que renuncian en caso de pasar a súa tarifa ao mercado libre.

5.- Esixir ás compañías comercializadoras a aportar aos seus clientes información clara e comprensible sobre as posibles vantaxes de estar na PVPC con discriminación horaria.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 19/04/2018 18:16:47**

**Luis Villares Naveira na data 19/04/2018 18:16:59**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a tomar para a garantir a viabilidade das pensións.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas vén de lonxe.

Desde hai anos veñen prognosticando a súa quebra, acompañada sempre de fortes campañas publicitarias, da banca, das compañías aseguradoras, para captar clientes para os fondos privados de pensións. Necesítase atemorizar a opinión pública presentando como inviábel o sistema público de pensións, promovendo un sistema privado. O obxectivo é ben claro: transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicas.

Anos de ataques á clase obreira, mentres se acatan as ordes dos amos da Unión Europea, protéxese a evasión de capitais, a corrupción, subvenciónase a Igrexa, rescátase a banca, rescátanse as autoestradas, aumenta o beneficio das empresas diminuindo as súas obrigacións. Ataques á maioría social e beneficios para a minoría que ostenta os privilexios e o capital.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O debate das pensións vai moito máis alá de si a revalorización anual debe ser o IPC ou o 0.25%, con non ser indiferente esta cuestión, senón que é unha cuestión estrutural, entre manter un modelo de pensións públicas dignas, ou apostar por un modelo de privatización, de negocio para o capital financeiro.

Non é unha cuestión simplemente de recursos, é de aposta ideolóxica, é da mentira que está instaurada a respecto da sustentabilidade do sistema de pensións.

O problema das pensións non é un problema de cotizantes, é un problema de repartición, é un problema de reparto desigual da riqueza. E con todas as medidas que puxeron en marcha coa excusa da crise, esa repartición é cada vez máis desigual.

As medidas que tomaron son especialmente mesquiñas en Galiza, porque temos as pensións máis baixas do Estado español, unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á nosa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares,

Hoxe temos un empobrecemento maior d@s pensionistas: case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do umbral da pobreza.

Galiza ten as segundas pensións máis baixas de todo o Estado, con 892,18€ ao mes fronte aos 1.071€ da medida estatal. Cada persoa pensionista galega perde 2.145 euros ao ano, unha cantidade astronómica para os maiores e para moitas familias que teñen nas pensións a súa única fonte de ingresos, unha realidade social do noso país que é un logro máis da política social de Feixoo.

O BNG implicámonos decididamente na defensa dun sistema público de pensións dignas, que empeza por un mercado de traballo digno, e que polo tanto afecta a



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

toda a sociedade, @s pensionistas actuais, mais @s pensionista futur@s que son @s traballadores/as actuais.

Hai que blindar o sistema público de pensións porque, a diferenza do discurso interesado da dereita e da banca, é viábel, é o único capaz de garantir unha pensión digna tras unha vida de traballo, de garantir a solidariedade interxeracional e de garantir o reparto da riqueza. O único que permite ter un mínimo de xustiza social.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español esixindo:

- Derrogación das reformas laborais e das pensións, nomeadamente as de 2011 e 2013.
- A aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan á clase traballadora diante do capital:
- Recoñecendo o dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos.
- Establecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de quince anos da súa vida laboral a elixir pola traballadora ou traballador.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 18:21**  
**Nº Rexistro: 29746**  
Data envío: 19/04/2018 18:21:26.652

- Establecer o importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio.
- Establecer a actualización anual en base ao IPC.
- Eliminarse as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.
- Reclamar para Galiza a xestión da Seguridade Social, como xa contempla o Estatuto de autonomía
- Demandar que as empresas, con centro de traballo en Galiza paguen os impostos e as cotizacións sociais en Galiza.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 18:21**  
**Nº Rexistro: 29746**  
Data envío: 19/04/2018 18:21:26.652

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 18:14:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 18:14:39**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 18:14:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 18:14:41**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 18:14:43**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 18:14:44**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 18:28  
**Nº Rexistro: 29751**  
Data envío: 19/04/2018 18:28:37.480

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a situación na que se atopa o Centro Dramático Galego (CDG) e as medidas a adoptar para garantir o seu futuro

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CDG hai tempo que non atravesa por bos momentos. Ás críticas e polémicas que envolveron e envolven o proceso de selección do elencos engádeselle a cada vez máis minguada actividade da institución, a escasa distribución das súas montaxes e tamén contratacións de intérpretes cada vez máis reducidas.

Nas últimas semanas, mesmo se ten denunciado publicamente por parte da Asociación de Actrices e Actores Galegos (AAAG) o inicio de modelos de contratación que supoñen, de facto, a externalización da obra *Divinas palabras*.

Son moitas as críticas ao modelo de funcionamento da institución pública que debera representar o teatro nacional galego, sendo referente e motor do sector.

Hai tempo que as actrices e actores, as compañías e todas as persoas vencelladas dunha ou doutra forma co teatro veñen demandando da administración pública que preste atención e escoite as súas demandas. Que abra unha mesa de diálogo co sector





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 18:28**  
**Nº Rexistro: 29751**  
Data envío: 19/04/2018 18:28:37.480

para adoptar as medidas necesarias que permitan recuperar –mesmo refundar-- o Centro Dramático Galego dotándoo, alén do máis, de maior autonomía e orzamento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abrir, de maneira urxente, un proceso de diálogo con todos os axentes do sector do teatro co obxectivo de abordar o futuro do Centro Dramático Galego.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 18:28**  
**Nº Rexistro: 29751**

Data envío: 19/04/2018 18:28:37.480

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 18:26:25**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 18:26:34**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 18:26:35**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 18:26:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 18:26:39**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 18:26:40**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

19 ABR. 2018

Núm. 29670

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

19 ABR. 2018

SAIDA

Num. 135

En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, dou traslado segundo comunica a Consellería de Facenda, da documentación en soporte informático respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de marzo de 2018.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SENORANS ALVAREZ, BLANCA  
Cargo: Directora Xeral  
Data e hora: 16/04/2018 13.03:45

Sr. presidente do Parlamento de Galicia


CVE: XWyzjHDxv2  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>






**ANEXO I: modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de marzo**

REFERENCIA	CONSELLERÍA /OO.AA	IMPORTE
AM-04-004-18	Presidencia da Xunta de Galicia	1.097.428,47
AM-04.A1-001-18	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	1.097.428,47
BC-00-005-18	Varias consellerías	1.097.428,47
BC-00.00-005-18	Varios organismos e axencias	127.473,17
AM-04-005-18	Presidencia da Xunta de Galicia	14.293,29
AM-04.A1-004-18	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	14.293,29
BC-09-008-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	14.293,29
AM-04-006-18	Presidencia da Xunta de Galicia	90.000,00
AM-04.A1-005-18	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	90.000,00
BC-07-001-18	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	90.000,00
AM-04-007-18	Presidencia da Xunta de Galicia	75.000,00
AM-04.A2-001-18	Axencia Turismo de Galicia	75.000,00
BC-09-013-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	75.000,00
BC-09.A2-002-18	Instituto Enerxético de Galicia	75.000,00
AM-05-006-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	352.228,95
BC-00-006-18	Varias consellerías	352.228,95
BC-00.00-006-18	Varios organismos e axencias	166.264,49
AM-05-007-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	7.550,40
BC-20-001-18	Consello Consultivo de Galicia	7.550,40
AM-05-008-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	15.490,83
BC-09-009-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	15.490,83
BC-09.A3-002-18	Axencia Galega de Innovación	15.490,83
FGE_01_2018	Fundación Galicia Europa 01/2018	15.490,83
AM-05-009-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	100.000,00
BC-13-002-18	Consellería do Medio Rural	100.000,00
AM-08.80-001-18	Instituto Galego da Vivenda e Solo	1.900.000,00
BC-08.80-002-18	Instituto Galego da Vivenda e Solo	1.900.000,00
AM-08.A1-003-18	Axencia Galega de Infraestruturas	1.700.000,00
BC-08.A1-004-18	Axencia Galega de Infraestruturas	1.700.000,00
AM-10-006-18	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	3.767.923,59
BC-09-007-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	3.767.923,59
AM-10-007-18	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	2.065.516,95
BC-00-007-18	Varias consellerías	2.065.516,95
BC-00.00-007-18	Varios organismos e axencias	1.949.940,89
AM-10-008-18	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	30.000,00
BC-09-012-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	30.000,00






REFERENCIA	CONSELLERÍA /OO.AA	IMPORTE
AM-11-001-18	Consellería de Sanidade	429.000,00
AM-11.80-001-18	Servizo Galego de Saúde	429.000,00
BC-09-010-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	429.000,00
BC-09.A3-003-18	Axencia Galega de Innovación	429.000,00
<b>Subtotal</b>		
IC-04-001-18	Presidencia da Xunta de Galicia	579.108,55
IC-04.A1-002-18	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	537.360,55
IC-05-005-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	303.677,74
IC-07-002-18	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	112.632,05
IC-09-001-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	84.983.022,19
IC-11.A1-002-18	Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	748.545,43
IC-11.80-003-18	Servizo Galego de Saúde	1.009.484,71
IC-12-002-18	Consellería de Política Social	28.983,66
IC-13.A2-002-18	Instituto Galego de Calidade Alimentaria	78.326,50
IC-23-001-18	Gastos diversas consellerías	1.985.414,50
IC-23-002-18	Gastos de diversas consellerías	1.500.000,00
BC-23-001-18	Gastos de diversas consellerías	1.500.000,00
<b>Subtotal</b>		
TR-04-001-18	Presidencia da Xunta de Galicia	135.000,00
TR-04-002-18	Presidencia da Xunta de Galicia	500.000,00
TR-04-003-18	Presidencia da Xunta de Galicia	273.000,00
TR-05.81-001-18	Academia Galega de Seguridade Pública	12.000,00
TR-05-006-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	2.450,00
TR-05-007-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	2.431,00
TR-05-008-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	30.617,56
TR-05-009-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	334.427,42
TR-05-011-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	45.185,00
AM-05.80-001-18	Escola Galega de Administración Pública	45.185,00
TR-05-012-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	7.530,00
TR-05-013-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	75.000,00
TR-05-014-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	142.141,02
TR-05-015-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	2.500,00
AM-05.80-002-18	Escola Galega de Administración Pública	2.500,00
TR-05-016-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	29.252,00
TR-05-017-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	35.500,00
TR-06-003-18	Consellería de Facenda	28.925,44
TR-06-004-18	Consellería de Facenda	12.408,22
TR-07-012-18	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	1.483,33
TR-07-013-18	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	9.173,07





REFERENCIA	CONSELLERÍA /OO.AA	IMPORTE
TR-07-014-18	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	20.000,00
TR-07-015-18	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	0,01
TR-07-016-18	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	600,00
TR-07-017-18	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	2.637,18
TR-08-003-18	Consellería de Infraestruturas e Vivenda	48.000,00
TR-09.81-001-18	Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	828,58
TR-09.81-002-18	Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	1.602,72
TR-09.A2-001-18	Instituto Enerxético de Galicia	12.423,75
TR-09-009-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	29.219,00
TR-09.A2-002-18	Instituto Enerxético de Galicia	29.219,00
TR-09-010-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	52.895,00
TR-09.A2-003-18	Instituto Enerxético de Galicia	52.895,00
TR-09-012-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	318.755,82
TR-09-013-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	169.155,43
AM-09-004-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	8.243,56
BC-09-011-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	8.243,56
TR-09-014-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	375.000,00
BC-09.A1-001-18	Instituto Galego de Promoción Económica	150.000,00
BC-09.A2-001-18	Instituto Enerxético de Galicia	16.228,90
BC-09.A4-002-18	Axencia Galega das Industrias Forestais	100.000,00
TR-09-015-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	140.000,00
TR-09-017-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	275.000,00
BC-09.A3-004-18	Axencia Galega de Innovación	200.000,00
TR-09-019-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	74.438,75
AM-09-005-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	22.331,63
BC-09-014-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	22.331,63
BC-09.A2-003-18	Instituto Enerxético de Galicia	96.770,38
TR-10-016-18	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	8.614,05
TR-10-017-18	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	1.000,00
TR-10-018-18	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	67.289,00
TR-10-019-18	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	104.544,00
TR-10-020-18	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	6.000,00
TR-10-021-18	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	962.502,00
TR-11.80-002-18	Servizo Galego de Saúde	182.023,88
TR-11.80-003-18	Servizo Galego de Saúde	30.000,00
TR-11.80-004-18	Servizo Galego de Saúde	5.695,00
TR-11.80-005-18	Servizo Galego de Saúde	3.416,00
TR-11-001-18	Consellería de Sanidade	292.212,00
BC-11.80-001-18	Servizo Galego de Saúde	192.212,00





REFERENCIA	CONSELLERÍA /OO.AA	IMPORTE
TR-11-002-18	Consellería de Sanidade	1.308,00
AM-11.80-002-18	Servizo Galego de Saúde	1.308,00
TR-12.A1-003-18	Axencia Galega de Servizos Sociais	12.081,91
AM-12.A1-002-18	Axencia Galega de Servizos Sociais	3.987,03
BC-12.A1-002-18	Axencia Galega de Servizos Sociais	3.987,03
TR-12.A1-004-18	Axencia Galega de Servizos Sociais	20.873,68
AM-12.A1-003-18	Axencia Galega de Servizos Sociais	6.262,10
BC-12.A1-003-18	Axencia Galega de Servizos Sociais	6.262,10
TR-12-005-18	Consellería de Política Social	140.952,31
TR-12-006-18	Consellería de Política Social	261.091,85
TR-12-007-18	Consellería de Política Social	27.720,00
TR-12-008-18	Consellería de Política Social	38.000,00
TR-12-009-18	Consellería de Política Social	120.655,71
TR-12-010-18	Consellería de Política Social	114.764,96
AM-12-003-18	Consellería de Política Social	34.429,49
BC-12-002-18	Consellería de Política Social	34.429,49
TR-12-011-18	Consellería de Política Social	11.931,48
TR-13.A2-006-18	Instituto Galego da Calidade Alimentaria	11.777,75
AM-13.A2-007-18	Instituto Galego da Calidade Alimentaria	3.734,44
BC-13.A2-006-18	Instituto Galego da Calidade Alimentaria	3.734,44
TR-13-005-18	Consellería do Medio Rural	5.064,45
TR-13-006-18	Consellería do Medio Rural	47.512,23
TR-13.A2-004-18	Instituto Galego da Calidade Alimentaria	35.632,03
BC-13.A2-004-18	Instituto Galego da Calidade Alimentaria	11.880,20
AM-13.A2-005-18	Instituto Galego da Calidade Alimentaria	11.880,20
TR-13-007-18	Consellería do Medio Rural	16.802,84
TR-13-008-18	Consellería do Medio Rural	38.893,20
TR-13.A2-005-18	Instituto Galego da Calidade Alimentaria	29.798,08
AM-13.A2-006-18	Instituto Galego da Calidade Alimentaria	9.595,12
BC-13.A2-005-18	Instituto Galego da Calidade Alimentaria	9.595,12
TR-13-009-18	Consellería do Medio Rural	6.000,00
TR-14-006-18	Consellería do Mar	23.261,27
AM-14-002-18	Consellería do Mar	7.618,07
BC-14-002-18	Consellería do Mar	7.618,07
TR-14-007-18	Consellería do Mar	419.230,00
TR-14-008-19	Consellería do Mar	398.423,87
TR-14-009-18	Consellería do Mar	269.000,00
TR-23-005-18	Gastos de diversas consellerías	1.667.035,60
TR-23-006-18	Gastos de diversas consellerías	1.500.000,00



REFERENCIA	CONSELLERÍA /OO.AA	IMPORTE
TR-23-007-18	Gastos de diversas consellerías	2.355,74
XC-04-001-18	Presidencia da Xunta de Galicia	108.660,03
XC-05-001-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	91.589,60
XC-05-002-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	126.424,10
XC-05-003-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	86.719,25
TR-05-010-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	21.679,81
XC-05-004-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	73.560,54
XC-05-005-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	439.135,00
XC-05-006-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	27.042,01
XC-05-007-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	33.975,32
XC-05-008-18	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza	23.772,58
XC-06-003-18	Consellería de Facenda	34.043,55
XC-07-001-18	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	11.712,15
XC-07-002-18	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	1.185.531,30
XC-08.80-001-18	Instituto Galega da Vivenda e Solo	1.110.756,83
XC-09.80-001-18	Instituto Galego de Consumo e da Competencia	50.783,18
XC-09-001-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	206.192,16
TR-09-011-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	9.489,76
XC-09-002-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	182.504,76
TR-09-016-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	9.533,39
XC-09-003-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	236.209,05
TR-09-018-18	Consellería de Economía, Emprego e Industria	38.153,82
AM-09.A3-001-18	Axencia Galega de Innovación	236.209,05
TR-09.A3-003-18	Axencia Galega de Innovación	38.153,82
XC-10-006-18	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	37.171,50
XC-10-007-18	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	27.331,25
XC-10-008-18	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	15.816,25
XC-10-009-18	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	222.954,75
XC 11.80-007-18	Servizo Galego de Saúde	3.426.568,16
XC-11.80-008-18	Servizo Galego de Saúde	258.548,07
XC-11-003-18	Consellería de Sanidade	49.521,00
XC-13-002-18	Consellería do Medio Rural	180.000,00
FGE_02_2018	Fundación Galicia Europa	14.764,56





## Á Mesa do Parlamento

Os **Grupos Parlamentares de En Marea**, dos **Socialistas de Galicia** e do **Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación da **comparecencia en Pleno do Conselleiro de Economía e Industria**, para que, debido ás últimas novidades, informe sobre as repercusións dos suplementos territoriais.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: Luís Villares Naveira

Portavoz do G.P. de En Marea

Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 19/04/2018 18:50:33**


**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/04/2018 19:16:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/04/2018 09:44:57**




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



galicia



Solicitolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 7º, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes -da directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para informar sobre ***"a situación relacionada coa couza guatemalteca da pataca"***.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Presidente do Parlamento de Galicia



23 ABR. 2018



**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Num. 29854

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS  
23 ABR. 2018  
SAIDA  
Num. 143

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo -da directora da Axencia Turismo de Galicia- para informar sobre **"os resultados do Estudio de Impacto Socioeconómico do Camiño"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Audada por GARCIA-SERIOYANS ALVAREZ, BLANCA  
Cargo: Directora Xeral  
Data e hora: 23/04/2018 13:30:08

CVX: W6aR5aBc4d  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cv>



Presidente do Parlamento de Galicia

Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na Lei 1/2017, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia, no seu artigo 53, anexo V, establecéronse os créditos iniciais consignados ás corporacións locais para ese exercicio cun total de 328.283.683 €, orzamento que foi incrementado posteriormente ata acadar os 351.531.121 €; non obstante, a execución anual para o exercicio 2017 foi do 87,56 %, é dicir, deixaron sen executar 43.708.322 €.

Por iso a deputada e o deputado que asinan interpelean o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cales foron as razóns polas que o Goberno galego deixou sen executar máis de 43 millóns de euros do exercicio 2017 destinados ás corporacións locais?

2ª) Considera o Goberno galego que os concellos de Galicia están suficientemente financiados?

3ª) Vai o Goberno galego acometer neste ano, conxuntamente coa Fegamp, o financiamento local?

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/04/2018 11:02:57**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/04/2018 11:03:01**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez**, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, sobre o Plan Retorna 2020.

Antes do inicio da crise, Galicia era un destino interesante para as persoas que buscaban un futuro, pero dende 2008 a tendencia invértese e perdemos 234.740 persoas que se viron obrigadas a marchar para buscar un futuro noutros lugares. Delas, 103.092 foron mozos e mozas de entre 16 e 34 anos. 234.740 historias de emigración, de separación de amizades, de familias distanciadas a miles de quilómetros, de apertas substituídas por chamadas por skype. Deste xeito, dende 2010, Galicia rexistrou unha perda de poboación continuada. Nestes cinco anos a nosa poboación caeu nun 2,24%, o que implica que, de manterse a tendencia, nos próximos 5 anos acumularemos unha perda de case un 5% da poboación.

É dicir, que de non tomar medidas a caída poboacional non vai facer máis que acelerarse deixando tras de si un país cada vez máis avellentado e máis pequeno. Situación ante a que parece que o Goberno galego non actúa máis alá de escasas medidas de fomento do emprendemento das persoas retornadas e as chamadas bolsas de excelencia. Medidas deslavazadas e cunhas cifras de cobertura moi pequenas. Ás que deberíamos engadir o plan da emigración 2017-2020, do cal soamente podemos coñecer un esquema na páxina web de emigración da Xunta. Porén, o pasado 12 de abril o presidente da Xunta anunciou a aprobación do Plan retorna 2020 sen aclarar que novidades relevantes inclúe.

Ante esta situación, o Grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Ten feito o Goberno galego un balance dos resultados das medidas a prol do retorno que se viñan aplicando ata o de agora?



- Cales son as novas medidas de fomento do retorno que inclúe o Plan Retorna 2020?
- Con que orzamento contan?
- Cales son os motivos que xustifican que aínda non estea publicado o plan estratéxico da emigración 2017-2020?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 13/04/2018 12:42:42**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

*A Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, acaba de cumprir 11 anos cunha bagaxe certamente pobre, e cunhas complicadas perspectivas de futuro ligadas indefectiblemente ao déficit de financiamento, e tamén ás trabas burocráticas dunha lexislación que naceu para facer fronte á delicada situación de cidadáns e cidadás que non poden valerse por si mesmos e a das súas familias e cuidadores.

Así, aos recortes orzamentarios e normativos do Goberno de España do PP, en Galicia sumóuselle a vontade do Goberno de Feijoo en apuntalar o desmantelamento do sistema. Aos reiterados incumprimentos da lexislación vixente, coa tardanza en realizar as avaliacións, a resolución das mesmas con graos menores para aforrar custes ou sinxelamente avaliacións sen grao, a perda do dereito de seren atendidas as persoas avaliadas co grao I, e o atraso da atención ás persoas en situación de dependencia moderada, súmanse ás reducións das prestacións económicas, o incremento dos copagos para as persoas usuarias, o empeoramento dos servizos de axuda a domicilio, etc.

Segundo datos recentes do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade, en Galicia hai máis de 80.000 persoas que solicitaron as axudas da dependencia. Delas 66.000 teñen este dereito xa recoñecido, e unhas 55.000 están a recibir a prestación. Pero a comunidade autónoma galega ten segundo datos do IGE 240.000 maiores de 80 anos, e 232.000 persoas con discapacidade. O último informe do Ministerio de Sanidade, do pasado 28 de febreiro de 2018, sinala que en Galicia pediron unha prestación o 2,98 % dos galegos, unha das porcentaxes máis baixas de España, e as únicas autonomías con menor taxa son Baleares, Canarias e Valencia, onde a pirámide demográfica é moi distinta.

 Grupo Parlamentario

Segundo advirte o último informe sobre o estado da dependencia en Galicia, publicado por Comisións Obreiras, hai decenas de miles de galegos que poderían pedir esta axuda pero sen embargo non o fan. O informe presentado polo sindicato tamén pon o foco nas persoas que teñen o dereito recoñecido e con todo non reciben axudas. Eran a finais do 2017 máis de once mil, o 17,6 % do total de persoas beneficiarias. A finais do 2017 o 32 % das persoas usuarias tiñan axuda a domicilio; o 21 % recibían unha prestación económica por coidados familiares; o 12 % estaban nunha residencia e o 11 % acudían a un centro de día ou de noite. Ademais o 32 % das persoas con dereito recoñecido teñen un grao III, o nivel máis severo.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando xa se cumpriron once anos da aprobación da *Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, e rematado o seu proceso de implantación, que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos seus obxectivos na nosa comunidade autónoma?
2. Cal é o número total de poboación potencialmente dependente en Galicia?
3. Por que cre a Xunta de Galicia, que segundo datos do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Galicia é unha das comunidades onde a porcentaxe de persoas que solicitan esta prestación é máis baixa en relación á poboación potencialmente dependente?
4. Ten previsto o Goberno galego tomar algunha medida para incrementar a porcentaxe de persoas que solicitan esta prestación?
5. Considera o Goberno galego que o gasto público por poboación potencialmente dependente é suficiente?
6. Considera o Goberno galego que o desenvolvemento da Lei de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia se realizou garantindo o aceso con carácter universal e equidade?



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

7. Ten previsto a Xunta de Galicia reclamar ao Goberno de España recuperar o investimento perdido nestes anos de continuos retallos?
8. Reclamou o Goberno galego ao de España que cumpra co réxime de financiamento que determina a lei?
9. Ten previsto a Xunta de Galicia deixar sen efecto as reavaliacións feitas de oficio nos últimos anos que retallan e mesmo eliminan as prestacións a moitas das persoas usuarias?
10. Que medidas ten pensado poñer en marcha o Goberno galego para reducir a lista de espera na que se atopan aquelas persoas que a pesares de ter un grao de dependencia recoñecida, e unha prestación asignada, aínda están á espera de recibir a prestación?

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/04/2018 11:17:11**

**Julio Torrado Quintela na data 16/04/2018 11:17:16**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Ata o de agora os equipos de valoración e orientación (EVOS), que son os que determinan o grao de discapacidade das persoas que así o solicitan, dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, están distribuídos en sete seccións de cualificacións, con varios equipos de valoración en cada un deles: A Coruña dispón de 4; Ferrol, 2; Santiago, 2; Lugo, 2; Ourense, 3; Pontevedra, 3; e Vigo, 3.

A Xunta de Galicia vén desatendendo dende hai anos estes equipos, o que ocasiona retrasos nas tramitacións das valoracións, tanto nas solicitudes como nas revisións. En moitos casos, a falla de persoal que fai que o tempo de espera media das persoas usuarias sexa de ano e medio ou dous anos, ocasionando aos solicitantes moitos prexuízos no seu día a día: por exemplo para solicitudes a respecto de transportes colectivos e prazas de aparcadoiro, nas prestacións económicas de persoas maiores e no recoñecemento de dereitos en mutualidades.

Ante esta situación os socialistas levamos anos reclamando á Administración incrementar os equipos multidisciplinares dos EVO, xa que esta tardanza non vén derivada dun pico de traballo senón que é estrutural, o que implica que se debería incrementar o número de equipos e crear postos para axilizar a xestión dos expedientes de incapacidade.

No ano 2017 a Dirección de Recursos Humanos do Sergas enviou unha comunicación aos seus profesionais ofrecendo a posibilidade de "participar de forma voluntaria e remunerada, fóra da súa xornada laboral, nos recoñecementos do grao de discapacidade". O Goberno galego reaccionou pois as reiteradas queixas por un problema estrutural nos equipos de valoración de discapacidade, ofrecendo un parche a través dun convenio de colaboración Sergas - Consellería de Política Social, con vixencia ata o 31 de decembro do 2018, para que o persoal

## Grupo Parlamentario

médico do Sergas faga mediante horas extras faga a tarefa que lle corresponde a estes equipos.

A pesares desta medida posta en marcha pola Xunta de Galicia, e de que a *Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes*, establece un prazo de tres meses para resolver as solicitudes de valoración de discapacidade, as listas de agarda no primeiro trimestre do ano 2018 seguiron sendo inaceptables, un problema que se estende en todas as provincias, pero que é de especial gravidade na de Pontevedra, onde a día de hoxe as solicitudes que se están a tramitar rexistráronse en xullo do ano 2015, con case tres anos de retraso a respecto do que marca a lexislación vixente, cunha lista de agarda de máis de 7.000 solicitudes nesta provincia, e que ascende a máis de 17.000 persoas en toda a comunidade autónoma.

O 11 de abril de 2018 o Pleno do Parlamento de Galicia aprobaba unha iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que despois de ser transaccionada con todos os grupos parlamentarios, tiña a seguinte parte resolutiva: «*O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar o número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade da nosa Comunidade Autónoma, co obxectivo de eliminar a lista de espera antes de finais de novembro de 2018, tanto nas solicitudes como nas revisións das valoracións da discapacidade*».

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o número de postos de traballo nos equipos de valoración de discapacidade da nosa comunidade autónoma?
2. Cal vai ser ese incremento de equipos en cada unha das sete seccións de cualificacións dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social?

 Grupo Parlamentario

3. Tendo en conta que os equipos de valoración de discapacidade son multidisciplinares, cales van ser os postos nos que se amplíen o persoal?
4. Ten previsto o Goberno galego prorrogar máis aló do 31 de decembro de 2018, o convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Política Social e o Sergas que permite a participación de licenciados sanitarios do Sergas nas valoracións de discapacidade?
5. En caso afirmativo, por que motivos o vai prorrogar?
6. Cal foi o número total de horas extraordinarias que realizou o persoal dos equipos de valoración de discapacidade durante o ano 2017?
7. Cantas persoas solicitaron de feito expreso a valoración social durante o ano 2017?

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/04/2018 12:13:39**

**Julio Torrado Quintela na data 16/04/2018 12:13:45**

## Á Mesa do Parlamento

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No Consello da Xunta de Galicia do 12 de abril de 2018 aprobouse a Estratexia Retorna 2020, na que se inclúen unha serie de medidas que perseguen o retorno de máis de 20.000 galegos do exterior ata 2020.

A dita estratexia está apoiada polo Resume executivo publicado pola Xunta de Galicia e que establece como obxectivo xeral: *“Atraer galegos residentes no exterior, tanto os emigrantes retornados como os seus descendentes; ofrecer e procurarlles unha cobertura integral das súas necesidades básicas; facilitar a súa integración educativa e laboral; e analizar e executar todas as medidas ao alcance do Goberno galego para combater e superar o complexo reto demográfico de Galicia desde o fomento do retorno”*.

Este obxectivo apóiase en oito liñas de actuación, cunha estrutura baseada en seis áreas:

1. Área de asesoramento e seguimento
2. Área social
3. Área do traballo e o emprendemento
4. Área de I+D+i
5. Área de formación
6. Área de vivenda

Se delimitan por unha banda as medidas específicas e por outra as medidas transversais, determinando os obxectivos e as medidas.

O investimento previsto é de 15 millóns de euros para as medidas específicas e máis de 220 millóns de euros para as medidas transversais con incentivos específicos para os retornados.

 Grupo Parlamentario

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cales son as partidas e contías orzamentarias previstas no orzamento de 2018 para atender cada unha das medidas previstas?
2. Como se van artellar as axudas económicas previstas nas distintas medidas?
3. Cal é o obxectivo que se persegue para este exercicio 2018?

Pazo do Parlamento, 16 de abril de 2018

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Abel Losada Álvarez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/04/2018 18:45:11**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/04/2018 18:45:18**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

A Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, aprobada de xeito expés despois da sentenza do Tribunal Supremo, de marzo de 2016, que anulaba a prórroga das concesións concedidas en 2010, establecía, no seu art. 2.3, que o Plan de Transporte Público de Galiza debería estar aprobado no prazo de vinte e un meses desde a entrada en vigor de dita lei. Dado que dita lei entrou en vigor o 23 de xullo de 2016 o prazo vencería o 23 de abril do 2018.

No Anexo desta lei inclúese o contido de dito Plan. E, no dito art. 2 establécese que “O Plan de transporte público de Galicia, que desenvolverá o contido establecido como anexo a esta lei, será elaborado pola consellaría da Xunta de Galicia competente en materia de transportes e, logo do seu sometemento a información pública e do informe do Consello Galego de Transportes, será aprobado polo Consello da Xunta de Galicia”.

Dito PTPG non foi aínda aprobado como tal, se ben, como agora veremos, a Xunta aprobou a integración de determinadas liñas de transporte e sacou a licitación a súa execución.

O que fixo a Xunta foi executar un PTPG virtual, en tanto en canto non foi aprobado, ou o que é o mesmo, o que está a facer a Xunta é “anticipar” o contido do PTPG mediante a súa execución práctica (planificación e integración de liñas



e a súa licitación, tanto respecto do seu deseño como das liñas de transporte propiamente ditas).

No Consello da Xunta de Galicia de 24/05/2017, tómase o acordo polo que se autoriza a integración das distintas modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galicia que faciliten a optimización deste servizo público, no marco do procedemento para a implantación da primeira fase da planificación do transporte público de Galicia (DOG 29/05/2017). Na exposición deste acordo xa se recoñece o seu obxecto anticipador do PTPG: “Coa finalidade de avanzar no proceso de planificación e elaboración do Plan de transporte público de Galicia e, ao tempo, anticipar as solucións de mobilidade que este deberá introducir, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda iniciou unha primeira fase da planificación do sistema de transporte público de Galicia...”.

Posteriormente, e en base a dito acordo, o 30/05/2017 sometéronse a información pública 42 anteproxectos de explotación (dos cales foron aprobados 41). Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 6 de xullo de 2017, fixéronse os criterios complementarios e de licitación (DOG de 07/07/2017) desa primeira fase de implantación dun PTPG virtual.

A DX de Mobilidade aproba os pregos de licitación o 14/07/2017 (os contratos adxudicados asínanse o 4 de agosto).

O caos organizativo e de falla de planificación é o que determina a modificación da estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda operada polo Decreto 1/2018, do 11 de xaneiro (DOG de 1701/2018), e no referido á D.X de Mobilidade, e onde se “crean dous novos órganos: a Subdirección Xeral de Planificación Técnica do Transporte e o Servizo de Planificación, co obxectivo de reforzar a área de planificación, o que permitirá profundar e mellorar a





calidade do estudo e análise das actuacións necesarias de cara á elaboración do Plan de transporte público de Galicia e para acadar a súa implementación a finais do ano 2019”.

Ou sexa, para implementar, a finais do 2019, un PTPG que debería estar aprobado en abril do 2018, e cuxa primeira fase xa se “implementou” no 2017.

E agora, a segunda fase, de momento en fase de licitación dos contratos de servizos de asistencia técnica, un, de desenvolvemento do PTPG, e o outro, de coordinación de dito desenvolvemento.

É dicir:

- servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia Plan de transporte á demanda e proxectos de explotación resultantes (DOG de 16/02/2018).

- servizo de asistencia técnica para a coordinación do desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia-Plan de transporte á demanda e proxectos de explotación resultantes (DOG de 27/02/2018).

En consecuencia, por unha banda o Plan de transporte de Galiza non se vai aprobar en prazo e, por outra, o que está a facer a Xunta é “anticipar” o futuro Plan de transporte mediante a planificación e execución de distintas fases, a primeira, xa realizada, a segunda, en trámite. O contrario do que sería desexable, ao transformar as liñas concesionais de transporte, deseño/integración, licitación e execución, nunha política de feitos consumados, e convertendo ao PTPG no resultado final das decisións previas xa executadas, e non no instrumento de planificación previsto na Lei.

A escala metropolitana, no referido ao Plan de Transporte Metropolitano e a



integración do transporte urbano, ten un tratamento claramente insuficiente no modelo elixido pola Xunta.

De feito, nos pregos de Prescricións Técnicas do contrato de asistencia técnica desta segunda fase (cuxo anuncio é o do DOG de 16/02/2018) así se evidencia ao delimitar o obxecto de dita asistencia técnica, cando a pesar da esixencia de tratar de forma específica a análise, deixa fora de estudo os servizos urbanos, dado que como se recolle no PPT : “Nas áreas metropolitanas prestarase especial atención á integración dos servizos interurbanos cos servizos urbanos de cada municipio, que non son obxecto deste estudo, pero procurárase a organización conxunta de ambos os sistemas a través de puntos de intercambio eficaces, coordinación de horarios ou a integración tarifaria”.

Isto é, non se prevé a integración dos servizos urbanos, máis aló desa coordinación de intercambios, de horarios e de integración tarifaria. Tampouco se prevé sequera a fórmula consorcial.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- 1) Cales son os motivos de que o Plan de transporte de Galicia non estea aprobado no prazo marcado pola a Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia?
- 2) Considera que a elaboración e aprobación por fases é a mellor fórmula para planificar o futuro do transporte público galego?



- 3) Considera que a escala metropolitana ten un tratamento suficiente no modelo de planificación escollido?
- 4) Cales son os prazos que manexa para aprobación do Plan de transporte de Galiza?
- 5) Que suporá a nivel orzamentario a aplicación do novo Plan de transporte

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García  
Marcos Cal Ogando  
Deputados do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 17/04/2018 11:35:27**

**Marcos Cal Ogando na data 17/04/2018 11:35:34**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Coruña e a súa comarca necesita dunha posición conxunta con respecto ao futuro da construción da área metropolitana da Coruña. A área metropolitana é unha realidade como fenómeno innegable necesario para mellorar o futuro do benestar dos cidadáns dunha comarca con influencia sobre 450.000 persoas e primeira zona económica de Galicia.

As solucións metropolitanas deben ter como centro da súa actuación á cidadanía que vive, traballa e se despraza por unha área sen distinción de límites administrativos, da que demanda servizos máis eficientes e económicos, sen distinción da Administración local ou autonómica que llelos presta. Por iso o lóxico proceso, despois dunha declaración de intencións cuxo fin é un desenvolvemento posterior normativo, debe ir dando pasos con medidas concretas que articulen servizos de carácter metropolitano e que axuden a visibilizar entre a cidadanía os beneficios do traballo conxunto entre as súas administracións máis próximas, os concellos.

O froito dese espírito de construción do metropolitano xa se manifestou no Concello da Coruña coa articulación de servizos de ámbito supramunicipal como o da auga potable desde Emalcsa, a depuración de augas desde a EDAR de Bens e o tratamento de lixo desde Nostián. Aprobouse tamén nun pleno do Concello, o documento coñecido como a Declaración de María Pita, como elemento inspirador dos pasos a dar na construción da área metropolitana.

Ao mesmo tempo o modelo elixido propuxo, un territorio concreto de área metropolitana que pensamos sería conveniente reformular, polo menos para determinados servizos a consorciar, como sería o da mobilidade. Na actualidade súmanse ao proceso o Concello da Coruña e os oito concellos que conforman o Consorcio das Mariñas (Betanzos, Sada, Carral, Abegondo, Bergondo, Oleiros, Cambre e Culleredo). Está ausente do proceso o concello de Arteixo e outros tres concellos que pensamos deberían de incorporarse ás propostas de traballo do



## Grupo Parlamentario

novo ente, para dotalo de novas fortalezas e oportunidades, como son Cerceda, Laracha e Carballo.

De cara a facilitar o proceso queremos dar pasos e ofrecer á cidadanía solucións inmediatas que a día de hoxe se saben técnica e economicamente viables, que foron postas en práctica noutras cidades de España e que mellorarían claramente a súa calidade de vida, como é a que afecta á mobilidade.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na cidade da Coruña xestiónanse cada ano cerca de 21 millóns de viaxes pola actual concesionaria do transporte urbano. Complementariamente interactúan coa cidade uns 6.000.000 de traxectos en bus de tipo metropolitano. Os cambios recentes nas liñas metropolitanas que entran pola cidade non reduciron os 100.000 coches que cada día entran na cidade desde a área de influencia e non se incrementaran os usuarios que utilizan o transporte metropolitano.

A todo iso súmaselle que os accesos á cidade e ás súas conexións coa área están sufrindo importantes atrasos no seu desenvolvemento e necesaria actualización, como a reforma de Lavedra, a construción do Viario 18, a ampliación da Ponte da Pasaxe, a reforma da Nacional VI, a construción da intermodal ou a liberación de terreos no porto interior para articular novas solucións de mobilidade.

É ademais un momento oportuno para avanzar na mobilidade metropolitana porque no ano 2019 vencen gran parte das concesións de transporte metropolitano que interactúan coa cidade e sería o momento de reformulalas no novo escenario.

Os Socialistas propoñemos a constitución dun consorcio ou autoridade metropolitana de transporte como primeiro ente metropolitano, cuxa principal misión será coordinar e xestionar o servizo de transporte de viaxeiros no conxunto dos concellos da área, reunindo baixo unha soa autoridade administrativa a responsabilidade da xestión da mobilidade por estrada de carácter urbana, periurbana e interurbana.

Entendemos que a cidadanía ten todo o dereito a recibir das administracións os servizos de maior calidade e eficiencia, prestados con eficacia e xestionados de forma transparente. Este é o espírito que debe guiar o traballo político institucional.



---

**Grupo Parlamentario**

Por iso, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten previsto desenvolver o Goberno galego para impulsar e apoiar de xeito efectivo instrumentos de xestión metropolitana de servizos no ámbito da área metropolitana da Coruña?

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/04/2018 16:02:16**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/04/2018 16:02:29**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/04/2018 16:02:37**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/04/2018 16:02:45**

**María Luisa Pierres López na data 17/04/2018 16:02:50**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No BOE do 6 de agosto de 2014, publicouse o Real decreto 675/2014, do 1 de agosto, polo que se establecen as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira.

Na exposición de motivos establécese que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo acordou coas organizacións sindicais e empresariais, un marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras para o período 2013-2018, no que se ten trasladado a necesidade de incluír, entre outras, medidas destinadas a aliviar as consecuencias sociais e rexionais do peche das minas.

Este real decreto establece e regula a concesión de axudas orientadas a fomentar o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras do carbón, entre outras, para a execución de proxectos de infraestruturas de carácter anual ou plurianual que serán financiadas con cargo aos créditos orzamentarios do Instituto para a reestruturación da minería do carbón e o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras (IRMC), no marco da política de desenvolvemento alternativo das zonas mineiras do carbón para o período 2013-2018.

O ámbito xeográfico establecido para estas axudas, artigo 4, establece que, con carácter excepcional se poderán contemplar actuacións concretas nos concellos afectados pola minaría do carbón na comunidade autónoma de Galicia e que detalla no Anexo II (A Coruña: A Capela,, As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoia, Pontes de García Rodríguez. Lugo: Muras e Xermade).



## Grupo Parlamentario

Para a selección das actuacións que se pretendan financiar, crearase unha comisión de cooperación entre o Instituto para a reestruturación da minaría do carbón e desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras (IRMC) e a Comunidade Autónoma, que se reunirán de modo ordinario, unha vez ao ano.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Tres anos e medio despois da entrada en vigor deste Real decreto, sendo o último ano do marco de actuación e cando se está a piques de iniciar a tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2018.

Por iso a deputada e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cales foron as xestións feitas polo Goberno galego co Goberno central para constituír á maior brevidade posible, a Comisión de Cooperación?

2ª) Cales foron as xestións feitas polo Goberno galego para recuperar os fondos Miner anulados unilateralmente polo Goberno do Estado no ano 2011?

3ª) Cando vai convocar o Goberno galego a Mesa para o desenvolvemento do Plano do carbón 2006-2012 co fin de priorizar a recuperación dos fondos anulados unilateralmente polo Goberno central no ano 2011.

4ª) Cando vai solicitar o Goberno galego a constitución da mesa entre a Comunidade Autónoma de Galicia e os concellos relacionados no Anexo II do RD para establecer, á maior brevidade posible, a selección das actuacións e redactar os convenios de colaboración para cada unha das actuacións elixidas?

Pazo do Parlamento, 17 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/04/2018 13:56:20**



**Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa á integración das profesionais e dos profesionais de educación social en toda a educación obrigatoria primaria e secundaria, así como na infantil.

O recoñecemento da Educación Social produciuse no ano 1991 co Real Decreto 1420/1991 que recolle o deseño curricular das formacións da diplomatura universitaria de educación social, segundo a reforma universitaria do ano 1981, para os campos da educación non formal, adultos (incluía a terceira idade) a inserción das persoas inadaptadas e con diversidade funcional así como a acción socioeducativa (R.D. 1420/1991, BOE do 10 do outubro).

En Galicia, ca lei 1/2001 do 22 de xaneiro aprobouse a creación do Colexio de educadores Sociais de Galicia. Esta lei creou a corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins con ámbito dentro de todo o territorio galego. Nela tamén se recollen os supostos de incorporación ao citado colexio e os requisitos mínimos para exercela profesión.

Os educadores tiveron un papel activo na educación non formal, na educación de persoas adultas, a inserción de persoas en risco de exclusión social e persoas con diversidade funcional así como na acción socioeducativa.

A comunidade pioneira na iniciativa da introdución dos educadores sociais na educación foi Estremadura que en setembro do 2002 contrataría a 118 destes profesionais, un por cada instituto do ensino secundario

Este ano pasado na CCAA de Baleares, 10 institutos das Illas Baleares contarán no curso 2017/2018 con educadoras e educadores sociais segundo un anuncio da



Conselleira de Servizos Sociais e o Conselleiro de Educación e Universidade que se distribuíron en 10 profesionais dos que 6 se distribuirían na Illa de Mallorca, 2 en Menorca e 2 en Ibiza.

O persoal técnico de intervención sociocomunitaria (TISOC) son educadores sociais que traballan co alumnado en risco de exclusión social nos institutos de secundaria e actuarán dentro da comunidade educativa con miras a acadar varios obxectivos, entre eles, o rendemento económico, as habilidades sociais, a prevención de conflitos, a mediación e a resolución na comunidade escolar dos mesmos. Ademais, traballan na redución do absentismo e fracaso escolar, mellora as competencias das persoas con discapacidade, a súa integración na comunidade escolar e aquelas que se atopan en risco de exclusión social.

En Galicia, o Colexio de educadoras e de educadores sociais de Galicia precisa unha Lei reguladora do exercicio da profesión.

Entre as reivindicacións do colectivo atópase a inclusión da figura de educador social nos centros educativos, incluídos nos Departamentos de Orientación.

A presenza e intervención nos centros escolares da figura de educadoras e educadores sociais tería como obxectivos a colaboración no desenvolvemento das habilidades sociais e autonomía persoal do alumnado, entre eles aqueles que presentan situacións de risco e na intervención ca mocidade, e ademais, posibilitarían a implementación de protocolos e educación, en colaboración coas ANPAS, nos centros educativos e a prevención da loita contra o acoso escolar ou “bullyng” e a contribución á normalización da orientación sexual, no ámbito da promoción da igualdade recollida na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Doutra banda, participarían na educación, prevención e detección de violencia de xénero mediante a aplicación de xeito transversal da Lei Orgánica 1/2004, de 28 do decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e o decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto



refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, ofrecendo deste xeito unha educación transversal en igualdade e en educación e prevención de violencia de xénero ligada a esta.

Ademais, tamén redundaría na introdución na educación e no coñecemento das leis de protección a infancia e adolescencia e os dereitos e deberes das crianzas, a L.O. 1/1996 de protección xurídica das persoas menores, a Lei 26/2015, de 28 do xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia, así como a normativa internacional sobre dereitos das crianzas e adolescentes contidos na Convención da ONU de dereitos das persoas menores de 1989, Convención ONU sobre dereitos das persoas con discapacidade do 13 de maio de 2006, o Convenio sobre a protección das persoas menores e a cooperación en materia de adopción internacional, do 29 de maio de 1993, o convenio sobre competencia, lei aplicable, recoñecemento, execución e cooperación en materia de responsabilidade parental e de medidas de protección das persoas menores de 28 do maio de 2010, así como os Convenios do Consello de Europa, sobre adopción de menores, 27 de novembro de 2008, o Convenio sobre protección de persoas menores contra a explotación e o abuso sexual, de 25 de outubro de 2007, e o Convenio Europeo sobre o exercicio dos Dereitos dos Menores, do 25 de xaneiro de 1996 e o Regulamento 2201/2003 do Consello de 27 novembro de 2003, sobre competencia, recoñecemento e a execución de resolucións xudiciais en materia matrimonial e de responsabilidade parental.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Considera a Xunta de Galicia, necesario crear unha Lei de regularización da profesión de Educación social das e dos profesionais que nela interveñen, na que participen todas e todos os profesionais do ámbito educativo?



- Pensa a Xunta de Galicia integrar ás e aos profesionais de Educación Social en toda a educación obrigatoria de primaria e secundaria, así como na infantil?
- Cren que se debe conveniar coas ANPAS a introdución de contidos específicos?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/04/2018 14:00:54**

**Luca Chao Pérez na data 18/04/2018 14:01:02**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa ao amianto do Colexio da Ramallosa.

O amianto é un material de orixe mineral formado por silicatos fibrosos. A súa capacidade para adoptar formas moi flexibles, así como a súa tremenda resistencia ao calor e aos produtos químicos, fixo del un produto moi ben valorado na industria. Ademais, é moi barato. Foi por iso que entre os anos 60 e 90 se fixo moi popular na construción, na fabricación de trens, barcos, vehículos (cambios e freos), na siderurxia, nas centrais térmicas e nucleares, e en materias téxtiles, envases e revestimentos. En total, hai amianto en máis de 3.000 tipos de produtos distintos. Só en España calcúlase que hai 2,6 toneladas deste material, a pesar de que leva tempo prohibido, tanto no noso país como no resto da Unión Europea.

O motivo da súa prohibición é o risco inmenso que supón para a saúde. Cando o amianto está deteriorado, desprende filamentos microscópicos que quedan suspendidos no aire. Os filamentos son indestrutibles e, ao ser respirados, causan danos severos á saúde, moitos dos cales son difíciles de observar en períodos curtos de tempo e son confundidos cos males provocados polo tabaco. Así é que, aínda que non podemos precisar a magnitude da ameaza, si podemos asegurar que na actualidade o amianto é unha das principais causas de mortalidade laboral.

Entre as diferentes enfermidades causadas polo amianto cabería destacar o cancro de pulmón, o mesotelioma e a asbestose (fibrose pulmonar), ademais das placas,



os engrosamentos e derrames pleurais, e o cancro de larinxe, entre outros tumores malignos.

A parte máis triste dos danos causados polo amianto é que puideron terse evitado. Xa no ano 1906 diagnosticouse unha fibrose pulmonar froito da súa inhalación. Décadas máis tarde, no 1935, relacionouse co cancro de pulmón, vinte anos antes de que se establecera a mesma relación co tabaco. Tamén hai probas que o vinculan ao cancro pleural dende 1947. Polo tanto, o seu uso indiscriminado na industria só pode contemplarse como unha negligencia por parte das institucións encargadas de velar pola saúde pública. Neglixencia que chega ata os nosos días, xa que, por culpa da inactividade dos gobernos autonómicos e estatais, o amianto continúa sendo, aínda hoxe, unha ameaza para a poboación galega. A pesar dos perigos mencionados, nin sequera contamos cun mapa de estruturas nas que pode estar presente o amianto.

Entre os moitos edificios con amianto, está o colexio A Ramallosa, de Teo. O edificio non coñeceu unha soa obra de envergadura dende que foi construído fai 50 anos, polo que foi sumando deficiencias ata converterse nun barracón insalubre: frío e húmido, carece do acondicionamento mínimo para que os rapaces e rapazas poidan formarse nunhas condicións dignas. No ano 2013, a Anpa intentou que a Xunta valorara a capacidade enerxética do edificio para que tomara medidas, pero recibiu o silencio por resposta. No 2015-2016, a Anpa volveu reclamar, pero, para sorpresa de ninguén, tampouco recibiu resposta.

Así as cousas, os nenos e nenas de A Ramallosa están expostos, por unha banda, á intoxicación por amianto e, por outra, ás enfermidades derivadas do frío intenso e a humidade que caracterizan a nosa terra.



Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Interpelación:

- Que levou á Xunta de Galicia a ignorar as demandas de A Ramallosa? A situación de deterioro manifesto do colexio non lle parece o bastante grave?
- Cando pensa o Goberno retirar o amianto do colexio?
- Na estrutura de cantos colexios galegos hai aínda amianto?
- A Xunta de Galicia conta cun mapa dos edificios con amianto? Se non é así, por que non o elaborou? Non considera que o amianto sexa un problema de saúde pública?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/04/2018 14:02:10**



**Luca Chao Pérez na data 18/04/2018 14:02:17**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte interpelación.

No Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2018 consignan 42,5 millóns de euros para Galicia do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), é dicir, un 4,1 % menos que no 2017, rexistrando o segundo maior descenso de todas as comunidades autónomas.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Considera o Goberno galego a converxencia, en renda e riqueza, entre as comunidades autónomas, un obxectivo político prioritario?

2ª) Considera o Goberno galego que o FCI está a cumprir os obxectivos para o que foi creado?

3ª) Considera o Goberno galego que as cantidades consignadas nestes últimos anos para o FCI permite cumprir os obxectivos para os que foi creado o Fondo?

4ª) Ten feito, o Goberno galego, algunha xestión diante do Goberno central para incrementar a contía do FCI?

5ª) De telas feito, cales foron?

Pazo do Parlamento, 16 de abril de 2018



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/04/2018 18:18:54**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/04/2018 18:19:01**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Interpelación.**

O Hospital de Monforte é referencia para unha poboación dunhas 40.000 persoas, unha poboación envellecida que supón que aumentan determinadas patoloxías e que aumenta o número de pacientes con mobilidade reducida e, consecuentemente, as necesidades de esforzo do persoal.

En canto ás especialidades, Monforte ten un problema de envellecemento da plantilla médica. Faltan especialistas en Dixestivo (falta unha praza), Radioloxía (falta unha praza) e Cardioloxía (falta unha praza), o que aumenta as listas de agarda, habendo persoas que superan os seis meses en lista de agarda. Tamén son excesivas as listas de agarda en Oftalmoloxía, Endocrinoloxía, Neuroloxía e Dermatoloxía.

En oncoloxía, o Hospital de Día aumentou a necesidade de probas de TAC urxentes, pero, ao non reforzarse a plantilla de Radioloxía, a lista de agarda aumenta para as probas ordinarias.

Cirurxía estase baleirando de carga de traballo no Hospital Comarcal de Monforte, trasladando intervencións de cirurxía xeral a Lugo.



A proba de cribado de prevención de cancro de colon, que está dispoñible para os municipios do Saviñao e Chantada, realízase en Lugo.

No caso dos e das pacientes de oncoloxía, o transporte aos centros sanitarios para o tratamento sigue sendo moi lento e penoso para as persoas enfermas.

En canto á pediatría, ao non cubrírense as baixas, o persoal realiza gardas moi prolongadas.

No que ten que ver co persoal non facultativo, o persoal da Planta de Especialidades e Medicina Interna ten denunciado a sobrecarga de traballo, tendo que priorizar tarefas e deixar sen realizar todas as que lle corresponden (por exemplo, non levantar pacientes encamados durante a mañá, o que aumenta o risco de aparición de úlceras por presión e ralentiza a súa recuperación). Só hai dúas auxiliares en quenda de mañá e só unha auxiliar e unha enfermeira para a noite, con 28 camas por planta. Ademais, só un celador.

Dende a dirección do Hospital intentaban resolver a situación con algún contrato puntual e con reforzos de persoal doutros servizos en momentos de máis carga asistencial, durante algunhas horas. Chégase a parchear plantas con pacientes infecciosos con persoal de Quirófano, un servizo que debe ser estéril. Estes reforzos puntuais, veñen a amosar que o servizo é estruturalmente precario.

Nestas plantas os cambios de pañais da quenda de noite fanse a partir das seis da mañá e debido á falta de persoal os aseos remátanse as 13 horas ou máis, estando os doentes durante todo ese tempo sen cambiar, sen poderse levantar polas mañás, etc.

En canto a celadores, é insuficiente que só haxa dúas prazas para todo o Hospital.

Como sinala a CIG, “a subdirectora de enfermaría recoñeceu nunha reunión coa Xunta de Persoal o déficit de profesionais no H.C. de Monforte. Segundo ela, faltan para o bo funcionamento do hospital 26 enfermeiras e 6 TCAE, e nin sequera é capaz de reforzar as plantas os días que están desbordadas.”

Así, a propia dirección do Hospital recoñeceu as necesidades de persoal non facultativo, fixándoas en 26 enfermeiras/os máis e 6 TCAEs, tanto en Hospitalización, como noutros servizos, incluído HADO, que non está suficientemente implantado, pois só hai 1 médico e 2 enfermeiras a quendas, localizables, que cobren só de mañá un radio de 20-25 km do Hospital.

O Conselleiro de Sanidade afirmou en pleno que o Hospital conta cun cadro de persoal axeitado ás necesidades. Isto desmóntase coas propias auditorías citadas, que demostran que, canto menos, cómpre unha praza máis de celador na quenda de noite, ademais, que se precisan máis médicos/as de urxencias (debido á falta de persoal excédese a xornada ordinaria), que non hai persoal sanitario para a zona de críticos e que o 55% dos contratos efectuados son dun só día de duración.

Ademais, a subdirección de enfermería cambiou unilateralmente as carteleiras da maioría do persoal do Hospital, sen negociación cos sindicatos nin co persoal, tal e como ten denunciado a Xunta de Persoal. No caso das matronas, viñan funcionando dende a apertura do Hospital con quendas longas, que son, ademais, os recomendables dende o punto de vista clínico, nun servizo de tan pouca carga asistencial como é o de partos no Hospital de Monforte, posibilitando que unha mesma profesional atenda durante todo o traballo de parto.



O Hospital de Monforte tamén ten carencias en canto a instalacións e mobiliario, así como deficiencias no material de uso sanitario.

Continúa pendente no Hospital a reforma das duchas e de parte dos cuartos de baño das habitacións de hospitalización, o que dificulta a mobilidade de pacientes e o traballo do persoal con pacientes con mobilidade reducida.

Moito mobiliario é antigo e está obsoleto. Aínda quedan habitacións con cadeiras e mesillas rotas, sillóns deteriorados e moi incómodos ou armarios inadecuados, que son os mesmos que cando se inaugurou o Hospital.

Nas plantas de Traumatoloxía e Cirurxía substituíronse os vellos armarios por uns novos de taboleiros, por parte dunha empresa, traballos que poderían terse feito con persoal propio, pero xa non hai carpinteiro fixo no Hospital. A centralización da xestión serviu para amortizar prazas.

Unha das cuestións que é preciso resolver é mudar as ventás simples de todo o Hospital para mellorar a eficiencia enerxética. No verán de 2015 pechárase a planta de Medicina Interna coa excusa de que era para acometer a colocación de dobre ventá e non se fixo, “porque non deu a autorización Lugo”, sinalou a CIG.

Tamén é necesario a ampliación do espazo do Hospital de Día, para permitir a privacidade dos e das pacientes.

Ademais, a Xunta de Persoal trasladounos ao grupo de En Marea a preocupación polo estado estrutural da fachada, da que se chegara a facer un estudo sobre a súa situación, non coñecido.

Tamén, as fortes choivas do inverno de 2016/2017 provocaron a aparición de goteiras na planta de Medicina Interna e de Especialidades, así como na entrada da sala de espera do Hospital de Día, sinalando o Sergas que dita auga procedía dunha das terrazas, co cal cómpre que a Xunta aclare se dita terraza ten algún problema estrutural e se se arranxaron todos os problemas de canalóns mal colocados.

O material de uso sanitario, dende que se centralizaron as compras, é de peor calidade. Os guantes rachan con frecuencia, de xeito que cando antes se usaba un par, agora hai que usar tres, o que compromete a seguridade de persoal e de pacientes. O mesmo sucede con vendas, gasas, calzas de Quirófano, batas... De cueiros, só hai a talla L; para conseguir outra talla hai que facer unha petición expresa.

Todas estas cuestións teñen que ver coa perda de capacidade de xestión da área sanitaria que agora a Xunta convirte, coa nova reforma da Lei de Saúde, en distrito: o afastamento da xestión a Lugo conlevou o aumento das derivacións de pacientes con patoloxías e intervencións cirúrxicas que poderían terse atendido en Monforte, aumentou as listas de agarda en determinadas especialidades e deteriorou o servizo de mantemento, totalmente dependente de Lugo, para calquera arranxo.

Dende a estruturación da EOXI en 2013, hai unha xerencia no Hospital meramente executiva, sen capacidade de decisión nin de gasto, que non é quen de resolver os problemas do Hospital de Monforte.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que subscriben formulan a seguinte Interpelación:

1. Vai a Xunta negociar, cos e coas representantes do persoal do Hospital de Monforte, o aumento do persoal sanitario non facultativo necesario para adecualo ás necesidades?
2. Vai a Xunta resolver a falta de especialistas no Hospital Comarcal de Monforte?
3. Ten previsto a Xunta fomentar contratos estables para o persoal?
4. Considera a Xunta que o cadro de persoal do Hospital Comarcal de Monforte é o axeitado ás necesidades?
5. Considera a Xunta adecuada a carga de traballo para o persoal das plantas de Medicina Interna e Especialidades?
6. Por que se está infrautilizando os servizos cirúrxicos do Hospital Comarcal de Monforte?
7. Cales son as listas de agarda non estruturais no Hospital Comarcal de Monforte?
8. Cantas derivacións á Sanidade privada se teñen producido no Hospital Comarcal de Monforte en cada especialidade dende o ano 2013?
9. Cantas derivacións de intervencións de cirurxía xeral se teñen producido no Hospital de Monforte ao HULA dende 2013?





10. Cantas colonoscopias de persoas do distrito sanitario de Monforte se teñen realizado en Lugo, no marco do programa de cribado de cancro de colon?

11. Cantas resonancias se teñen derivado a centros privados dende 2013?

12. Estase a reducir a actividade en radioloxía xeral por derivación de probas a centros privados?

13. Dispón a Xunta dalgún informe técnico sobre o estado da fachada do Hospital de Monforte?

14. Cando vai a Xunta implantar o servizo de Hemodinámica 24 h en Lugo?

15. Considera axeitado o tipo de transporte das e dos pacientes de oncoloxía?

16. Cal é o cronograma no que a Xunta ten previsto renovar todo o mobiliario e deficiencias estruturais do Hospital de Monforte?

17. Vai a Xunta recuperar a Área Sanitaria de Monforte con capacidade de xestión?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 19/04/2018 10:43:46**

**Eva Solla Fernández na data 19/04/2018 10:43:55**

**Luis Villares Naveira na data 19/04/2018 10:44:02**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 11:15  
Nº Rexistro: 29649  
Data envío: 19/04/2018 11:15:20.836

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

1. O Goberno do Estado vetou por dúas veces a tramitación polo Congreso da proposición de lei de transferencia da AP 9 aprobada por unanimidade polo Parlamento galego. A principal razón do veto á toma en consideración da citada lei, na súa segunda formulación, foi a aplicación do apartado sexto do artigo 134 da Constitución, co argumento de que “a aprobación da proposición de lei suporía un aumento dos créditos orzamentarios, polo que o goberno nos presta a súa conformidade para a súa tramitación”.

Malia este informe do goberno, a realidade é que o veto á admisión a trámite foi unha decisión política da mesa do Congreso, cos votos do PP e Ciudadanos. E esta decisión adoptouse en contra do criterio da asesoría xurídica do Congreso a respecto da capacidade de veto do goberno ao amparo do citado artigo da Constitución. O informe da letrada xefa do Congreso baséase en dous argumentos irrefutábeis:

1º) A facultade de veto do goberno debe ter un uso “excepcional”, porque se non “impide que as cámaras exerzan a función lexislativa”: O artigo 134 da Constitución non concede ao goberno “un dereito de veto ilimitado que poida



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 11:15**  
**Nº Rexistro: 29649**  
Data envío: 19/04/2018 11:15:20.836

cercenar a iniciativa legislativa do Congreso”. Tal como o está a aplicar o goberno supón na práctica a non separación dos poderes executivo e lexislativo: "Se se aplica e admite esa aplicación, a potestade lexislativa queda nas mans do Goberno, o que supón a maior contradición cos poderes do Congreso e do Senado".

2º) Os informes do goberno refírense a un incremento de créditos sen determinarr as partidas concretas dos orzamentos xerais do Estado que se verían afectadas, polo que se conclúe que non vale unha avaliación xenérica do impacto económico.

2. O martes 17 de abril coñeceuse unha sentenza do Tribunal Constitucional que establece que o goberno non ten dereito ilimitado de veto á tramitación de proposicións de lei, e que ademais debe precisar as partidas orzamentarias concretas que se verían afectadas. Por outra parte, a sentenza determina que “o veto orzamentario non poderá exercerse por relación a orzamentos futuros, que aínda non foron elaborados polo Goberno nin sometidos polo tanto a aprobación".

3. Do anteriormente sinalado deríavase o uso abusivo por parte do goberno das facultades ás que fai referencia o apartado sexto do artigo 134 da Constitución. Fica claro que na tramitación da proposición non de lei de transferencia da AP9 aprobada polo parlamento galego produciuse unha interferencia do poder executivo sobre o lexislativo, e que se trata dun veto político apoiado polo PP e Ciudadanos.

4. O BNG ten presentado un recurso diante do TC contra o veto e a favor da tramitación polo Congreso da proposición de lei, mais tendo en conta a citada sentenza e o informe da asesoría xurídica do Congreso consideramos necesario reactivar a tramitación da lei de transferencia da AP 9.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 11:15**  
**Nº Rexistro: 29649**  
Data envío: 19/04/2018 11:15:20.836

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Como avalía o Goberno galego a sentenza do Tribunal Constitucional que se fixo pública o martes 17 de abril de 2018 e que fai referencia á capacidade do goberno de vetar a tramitación de leis polo Congreso ao abeiro do establecido no apartado sexto do artigo 134 da Constitución?
2. Que consideración lle merece á Xunta de Galiza o informe da asesoría xurídica do Congreso a respecto do abuso que fai o goberno desta prerrogativa?
3. Que accións ten previsto adoptar o Goberno galego para que o Goberno do Estado levante o veto á tramitación da proposición de lei de transferencia da AP 9?
4. Como valora o Goberno galego o veto político da mesa do Congreso, cos votos do PP e Ciudadanos, á tramitación da citada lei?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

**Asdo.: Luis Bará Torres**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Ana Pontón Mondelo**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 11:15**  
**Nº Rexistro: 29649**

Data envío: 19/04/2018 11:15:20.836

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 11:14:14**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 11:14:20**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 11:14:21**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 11:14:23**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 11:14:24**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 11:14:26**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O pasado xoves 22 de marzo, nunha resposta en comisión a preguntas do PP, a Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galiza afirmou que o concello de Pontevedra non contaba con autorización para a instalación de composteiros comunitarios. Segundo a Directora Xeral era necesario contar coa citada autorización xa que se trata dunha actividade de xestión de residuos.

Como trasfondo deste debate sobre os centros de compostaxe comunitaria está o modelo de xestión dos residuos sólidos urbanos e as previsións de cumprimento das obrigas establecidas na Directiva Europea de Residuos, no Plan Estatal Marco de Xestión de Residuos (PEMAR 2016-2022) e no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galiza 2010-2020, que foi sometido a diversas revisións e actualización, a última de decembro de 2016.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

1. Que normativa comunitaria, estatal ou galega, é de aplicación para a instalación de composteiros comunitarios?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. Que autorización debe tramitar o concello de Pontevedra?
3. Que valoración lle merce ao Goberno galego o Plan de Compostaxe que están a impulsar a Deputación de Pontevedra e numerosos concellos desta provincia?
4. Que plans ten o Goberno galego para promover a compostaxe da fracción orgánica dos Residuos sólidos urbanos e para cumprir as obrigas establecidas pola UE e o PEMAR 2016-2022?
5. Que previsións ten a Xunta de Galiza a respecto do cumprimento da Directiva marco de residuos que establece unha xerarquía de xestión de residuos que favorece a prevención, a reutilización e o reciclado fronte á incineración?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 12:49**  
**Nº Rexistro: 29663**

Data envío: 19/04/2018 12:49:28.570

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 12:48:18**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 12:48:23**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 12:48:24**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 12:48:26**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 12:48:29**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 12:48:31**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 13:02  
Nº Rexistro: 29673  
Data envío: 19/04/2018 13:02:05.289

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais do persoal do Sergas.

O sangrado do sistema sanitario público de Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego.

Dentro deste sangrado os profesionais son dos principais damnificados por unha política de persoal que maltrata ao persoal fixo e que maltrata ao persoal contratado.

É precisa a reposición de todos os dereitos laborais, económicos e sociais que durante estes anos lle foron eliminados aos traballadores e traballadoras do sistema sanitario público de Galiza.

No ano 2010 o Goberno galego suspendeu os acordos retributivos asinados na mesa sectorial do Sergas, acordos retributivos 2008/12, que recollía incrementos salariais no complemento específico, polo que se retribúen as condicións específicas do posto de traballo atendendo á súa dificultade, responsabilidade, coñecemento, penosidade... percibe por este concepto unha cantidade inferior ao resto de persoal da Administración Autonómica. Atención continuada, retribúe a penosidade da prestación de servizo: nocturnidade, domingos, días feriadados e gardas, a retribución do persoal do Sergas por estes conceptos está a cola do resto de servizos de saúde. Acordo de Carreira profesional, suspendida desde o ano 2010. Acordo de equiparación salarial persoal de PACs, atención continuada.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 13:02**  
**Nº Rexistro: 29673**  
Data envío: 19/04/2018 13:02:05.289

É evidente que coa recuperación de dereitos que están a recuperar, de xeito parcial, que afectan ao conxunto das empregadas/os públicos, non queda saldada a débeda que a Xunta do PP ten c@s traballadores/as da sanidade.

Coa escusa da crise a Consellaría de Sanidade, dun xeito unilateral, deixou en suspenso a aplicación dos acordos asinados aos que se chegara en canto a melloras retributivas e nas condicións de traballo.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte interpelación:

-Vai o Sergas proceder á recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais do seu persoal, conxelados desde o ano 2010?

-Cal é a razón pola que non retoma a recuperación dos acordos suspendidos coa escusa da crise? O discurso oficial do Goberno do PP non é que a crise xa está superada?

-Parécelle de xustiza para un persoal que presta servizo 365 días ao ano e 24 horas ao día que o complemento específico sexa inferior ao do resto da Xunta ou que a atención continuada estea á cola do resto dos servizos de saúde?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 13:02  
**Nº Rexistro: 29673**  
Data envío: 19/04/2018 13:02:05.289

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 12:59:59**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 13:00:03**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 13:00:04**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 13:00:06**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 13:00:07**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 13:00:10**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira, e Marcos Cal Ogando,** deputados do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o Eixo Atlántico Ferroviario.

Durante a pasada sesión de control ao Presidente, o Sr. Feijóo deslizou un argumento sobre o Eixo Atlántico Ferroviario que, ao par que delirante, demostra o total descoñecemento da situación desta infraestrutura nos últimos tempos.

O Presidente afirmaba que esta é hoxe a alternativa á peaxe da AP-9, esquecendo que os prezos do Eixo Atlántico, derivados da súa concepción como media distancia, fan que este medio sexa excesivamente caro para unha boa parte dos seus usuarios, sobre todo aqueles que o teñen que utilizar a diario para desprazarse a traballar.

Ademais, nos últimos meses, os titulares da liña veñen adoptado decisións que empeoran os servizos, que van dende a redución de traballadores de atención á falta de mantemento dos equipos ou á errada política comercial.

Se a liña tivese a consideración de cercanías, como é de facto, poderíase mellorar as frecuencias e os prezos dos billetes, facilitando así o seu uso a traballadoras e traballadores e a estudantes.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN:**



- 1) Que ten feito a Xunta para evitar o deterioro que se ten producido neste servizo nos últimos meses?
- 2) Ten previsto a Xunta solicitar ao Goberno do Estado a modificación do seu carácter de liña de media distancia para que pase a ser de cercanías?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 19/04/2018 16:49:16**

**Luis Villares Naveira na data 19/04/2018 16:49:25**

**Marcos Cal Ogando na data 19/04/2018 16:49:39**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as condicións laborais do profesorado galego.

Os recortes orzamentarios e as sucesivas reformas que atinxiron o profesorado dos centros de ensino galegos tiveron enormes consecuencias que empeoraron as súas condicións laborais e salariais.

O aumento de horas lectivas, a obriga de asumiren unha maior carga de traballo administrativa e burocrática, as reducións dos cadros de persoal como resultado da imposición de taxas de reposición ou a perda de poder adquisitivo, son algunhas das denuncias do profesorado.

Nos últimos anos, o Partido Popular desde a Xunta de Galiza vén defendendo no seu discurso que nos atopamos nun proceso de recuperación económica. Porén, nin o conxunto da clase traballadora, nin o persoal da función pública, nin en particular o profesorado, percibe na suposta saída da crise, unha recuperación dos dereitos laborais e salariais recortados durante os últimos anos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Como valora o Goberno galego a situación que atinxe o profesorado do ensino obrigatorio no noso país?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 17:56**  
**Nº Rexistro: 29730**  
Data envío: 19/04/2018 17:56:27.558

- Pensa abrir unha negociación a Xunta de Galiza coas organizacións sindicais para recuperar os dereitos que lles foron recortados nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 17:54:59**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 17:55:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 17:55:04**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 17:55:06**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 17:55:07**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 17:56**  
**Nº Rexistro: 29730**  
Data envío: 19/04/2018 17:56:27.558

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 17:55:08**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á necesidade de adaptación das prazas de formación MIR e EIR, e de convocatoria de OPE, as necesidades reais de profesionais no Sergas.

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público, recortes que se están aplicando dun xeito xeralizado, tanto na atención hospitalaria como en atención primaria, e en todo o territorio galego.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

Con data 18 de maio de 2012 publicouse do DOG a orde pola que se aproba o Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, dado que a vixencia do mesmo era ata o 31 de decembro de 2013, publicouse o 5 de decembro a orde pola que se aproba o Plan de ordenación de recursos humanos relativo á xubilación, prolongación da permanencia e prórroga no servizo activo do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Este Plan, concibido como un instrumento de planificación, conclúe que hai un importante envellecemento do persoal: *“no dito instrumento de planificación, logo de analizarse as necesidades da organización sobre a base do estudo e valoración previos*



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 18:10**  
**Nº Rexistro: 29737**  
Data envío: 19/04/2018 18:10:30.824

*da estrutura poboacional e a actual configuración do cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde, conclúese un significativo envellecemento en termos globais do persoal do organismo, de xeito paralelo ao da propia poboación galega, que resulta máis acusado no colectivo de persoal licenciado sanitario. A dita circunstancia ten unha singular incidencia en diversos aspectos organizativos da actividade asistencial, entre os que cabe destacar a dispoñibilidade decrecente do citado colectivo para a cobertura da atención continuada.”*

*...”Derivado da normativa e do diagnóstico de situación efectuado no propio instrumento de planificación, o precedente Plan de ordenación de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde dispuxo, como medida xeral de ordenación, a perda da condición de persoal estatutario fixo dos seus profesionais por cumprimento da idade de xubilación forzosa.”*

É unha evidencia, que se a Consellaría de Sanidade non adapta as prazas de formación ás necesidades asistenciais, a consecuencia será que en pouco tempo o Sergas non disporá de persoal para cubrir as vacantes que se van producindo por xubilación, nin ausencias, baixas...

O Sergas non actúa en formación e non leva a cabo políticas laborais que fomenten que @s profesionais que se forman se lles ofrezan condicións laborais dignas para levar a cabo en Galiza os seus proxectos vitais e polo tanto emigran a onde si llas ofrecen.

Como consecuencia desta nefasta política de persoal levada a cabo polo Partido Popular na Consellaría de Sanidade, cada vez é máis patente que non hai profesionais dispoñíbeis para cubrir baixas, vacacións, licenzas, permisos...



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Para ter uns servizos públicos de calidade, unha sanidade pública de calidade é preciso ter profesionais formados, cualificados e en número suficiente, por esta razón fórmulase a seguinte interpelación:

-Cal é a planificación, se ten algunha, do Goberno galego para solucionar o deficit de profesionais no Sergas?

-Cal é o seu horizonte temporal?

-Coida que o Sergas vai poder garantir a calidade asistencial se non toman medidas para aumentar as prazas de formación?

-Aumentar o número de doentes por profesional, ou as idades de xubilación é positivo para a calidade asistencial e para @s profesionais?

-Vai demandar do Goberno español o aumento do número de prazas para adaptar as prazas de formación polo sistema de Residencia MIR e EIR, que se ofertan en Galiza, ás necesidades reais que ten o Sergas de cobertura de profesionais?

-Vai presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación?

-Cal é a razón de non convocar OPE co mesmo número de prazas que se convocou no concurso aberto permanente de mobilidade(concurso de traslados), que na súa totalidade se aproxima ás 6.000 prazas vacantes?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 18:10**  
**Nº Rexistro: 29737**  
Data envío: 19/04/2018 18:10:30.824

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 18:09:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 18:09:32**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 18:09:34**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 18:09:35**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 18:09:37**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 18:09:39**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar para a garantir a viabilidade das pensións.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas vén de lonxe.

Desde hai anos veñen prognosticando a súa quebra, acompañada sempre de fortes campañas publicitarias, da banca, das compañías aseguradoras, para captar clientes para os fondos privados de pensións. Necesítase atemorizar a opinión pública presentando como inviábel o sistema público de pensións, promovendo un sistema privado. O obxectivo é ben claro: transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicas.

Anos de ataques á clase obreira, mentres se acatan as ordes dos amos da Unión Europea, protéxese a evasión de capitais, a corrupción, subvenciónase a Igrexa, rescátase a banca, rescátanse as autoestradas, aumenta o beneficio das



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

empresas diminuindo as súas obrigacións. Ataques á maioría social e beneficios para a minoría que ostenta os privilexios e o capital.

O debate das pensións vai moito máis alá de si a revalorización anual debe ser o IPC ou o 0.25%, con non ser indiferente esta cuestión, senón que é unha cuestión estrutural, entre manter un modelo de pensións públicas dignas, ou apostar por un modelo de privatización, de negocio para o capital financeiro.

Non é unha cuestión simplemente de recursos, é de aposta ideolóxica, é da mentira que está instaurada a respecto da sustentabilidade do sistema de pensións.

O problema das pensións non é un problema de cotizantes, é un problema de repartición, é un problema de reparto desigual da riqueza. E con todas as medidas que puxeron en marcha coa excusa da crise, esa repartición é cada vez máis desigual.

As medidas que tomaron son especialmente mesquiñas en Galiza, porque temos as pensións máis baixas do Estado español, unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á nosa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares,

Hoxe temos un empobrecemento maior d@s pensionistas: case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do umbral da pobreza.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 18:21  
Nº Rexistro: 29748  
Data envío: 19/04/2018 18:21:43.011

Galiza ten as segundas pensións máis baixas de todo o Estado, con 892,18€ ao mes fronte aos 1.071€ da medida estatal. Cada persoa pensionista galega perde 2.145 euros ao ano, unha cantidade astronómica para os maiores e para moitas familias que teñen nas pensións a súa única fonte de ingresos, unha realidade social do noso país que é un logro máis da política social de Feixóo.

O BNG implicámonos decididamente na defensa dun sistema público de pensións dignas, que empeza por un mercado de traballo digno, e que polo tanto afecta a toda a sociedade, @s pensionistas actuais, mais @s pensionista futur@s que son @s traballadores/as actuais.

Hai que blindar o sistema público de pensións porque, a diferenza do discurso interesado da dereita e da banca, é viábel, é o único capaz de garantir unha pensión digna tras unha vida de traballo, de garantir a solidariedade interxeracional e de garantir o reparto da riqueza. O único que permite ter un mínimo de xustiza social.

Por estas razóns formúlase a seguinte interpelación:

-Está realizando algunha actuación o Goberno galego para garantir a viabilidade dunhas pensións dignas @s galeg@s?

-E para que deixen de ser das máis baixas do Estado?

-Cal é a opinión do Goberno Galego a respecto da coantía das pensións en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Considera que as medidas impulsadas polo Goberno español benefician as persoas xubiladas galegas?

-Que actuacións vai realizar o Goberno galego para reverter a situación de que as pensións en Galiza sexan das máis baixas do Estado?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 18:20:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 18:20:52**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 18:21**  
**Nº Rexistro: 29748**

Data envío: 19/04/2018 18:21:43.011

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 18:20:54**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 18:20:55**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 18:20:56**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 18:20:58**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 18:29  
Nº Rexistro: 29754  
Data envío: 19/04/2018 18:29:40.855

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación na que se atopa o Centro Dramático Galego (CDG) e as medidas a adoptar para garantir o seu futuro

O CDG hai tempo que non atravesa por bos momentos. Ás críticas e polémicas que envolveron e envolven o proceso de selección do elencos engádeselle a cada vez máis minguada actividade da institución, a escasa distribución das súas montaxes e tamén contratacións de intérpretes cada vez máis reducidas.

Nas últimas semanas, mesmo se ten denunciado publicamente por parte da Asociación de Actrices e Actores Galegos (AAAG) o inicio de modelos de contratación que supoñen, de facto, a externalización da obra *Divinas palabras*.

Son moitas as críticas ao modelo de funcionamento da institución pública que debería representar o teatro nacional galego, sendo referente e motor do sector.

Hai tempo que as actrices e actores, as compañías e todas as persoas vencelladas dunha ou doutra forma co teatro veñen demandando da administración pública que preste atención e escoite as súas demandas. Que abra unha mesa de diálogo co sector para adoptar as medidas necesarias que permitan recuperar –mesmo refundar– o Centro Dramático Galego dotándoo, alén do máis, de maior autonomía e orzamento.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación que vive o teatro en Galiza?
- Como valora o Goberno galego a situación na que se atopa, desde hai anos, o Centro Dramático Galego?
- É consciente a Xunta das enormes críticas que suscita a xestión que se está a facer do CDG?
- Que pensa facer o Goberno galego para atender as demandas do sector en termos xerais, e no concreto, a respecto do CDG?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2018 18:29**  
**Nº Rexistro: 29754**  
Data envío: 19/04/2018 18:29:40.855

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 18:29:20**


**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 18:29:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 18:29:26**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 18:29:28**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 18:29:29**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 18:29:31**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727